USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de Fin de Grao

# Primeira aproximación aos protocolos notariais de Johán Rodríguez (Catedral de Tui, 1413-1442)

Xuño 2023

Curso académico 2022-2023

Brais Costas Fragueiro

Titor: Ramón Mariño Paz

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FACULTADE DE FILOLOXÍA

Grao en Lingua e Literatura Galegas

Traballo de Fin de Grao

# Primeira aproximación aos protocolos notariais de Johán Rodríguez (Catedral de Tui, 1413-1442)

Xuño 2023

Curso académico 2022-2023

Brais Costas Fragueiro

Titor: Ramón Mariño Paz

*A meus avós, a meus pais e a meu irmán Artai,*
*por absolutamente todo.*

*Á miña Bisa e a Alex, sempre comigo.*

*A Ramón e a Ricardo, agradecemento eterno.*

FACULTADE DE FILOLOXÍA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FACULTADE DE FILOLOXÍA
13 MAR. 2023
ENTRADA
Nº .....

CUBRIR ESTE FORMULARIO ELECTRONICAMENTE

**Formulario de delimitación do título e resumo**

Traballo de Fin de Grao curso 2022/2023

| | |
|---|---|
| APELIDOS E NOME: | COSTAS FRAGUEIRO, BRAIS |
| GRAO EN: | LINGUA E LITERATURA GALEGAS |
| (NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN: | |
| TITOR/A: | RAMÓN MARIÑO PAZ |
| LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA: | EDICIÓNS DE TEXTOS ANTIGOS |

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

**Título:** *Primeira aproximación aos protocolos notariais de Johán Rodríguez (Catedral de Tui, 1413-1442)*

**Resumo** [na lingua en que se vai redacta-lo TFG; entre 1000 e 2000 caracteres]:

En liñas xerais, este Traballo de Fin de Grao ten por finalidade central realizar un primeiro achegamento aos protocolos notariais de Johán Rodríguez, da catedral de Tui (referencias arquivísticas ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1004_1 e ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1003_2). Estes foron producidos a principios do século XV, exactamente entre 1413 e 1442. Para iso, en primeiro lugar, seleccionarase un subcorpus de estudo, caracterizado por un conxunto senlleiro de documentos que reflictan a intervención da muller en asuntos relacionados basicamente coa compravenda e o aforamento de propiedades. Unha vez escollidos estes textos, procederase á súa edición e posteriores estudo e análise ecdótica. Ademais, reuniranse e estudaranse as alusións que nestes documentos se fan ao notario Vasco Lourenço de Tui, autor dunhas glosas a un exemplar do *Fuero Real* de Afonso X que circulou polas terras do Baixo Miño entre finais do século XIV e principios do século XV. Así pois, este Traballo de Fin de Grao supón un primeiro chanzo dentro dun proxecto de investigación máis amplo, que consistiría na edición e análise do conxunto deses protocolos notariais tudenses de principios do XV.

Encádrase dentro do proxecto "Escritorio Galego-Portugués Antigo", resultado dun proceso de investigación iniciado en 2007 no seo do Instituto da Lingua Galega. Actualmente, o EGPA desenvólvese no marco de dous proxectos de investigación vencellados ás universidades de Alcalá de Henares e Santiago de Compostela: HERES (Universidad de Alcalá de Henares) e PTGM (ILG-USC). O seu obxectivo principal é ofrecerlle ao investigador textos galegos, portugueses e brasileiros producidos entre a plena Idade Media e principios do século XX en multiedición dixital: transcrición paleográfica, presentación crítica, reprodución facsimilar, concordancias e acceso aos diferentes grupos textuais de acordo con distintos criterios de clasificación (cronolóxico, xeográfico, tipolóxico etc.). Para máis información, véxase: https://corpora.uah.es/egpa/.

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2023.

| Sinatura do/a interesado/a | Visto e prace (sinatura do/a titor/a) | Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data |
|---|---|---|
| COSTAS FRAGUEIRO BRAIS - 35610247Z<br>Firmado digitalmente por COSTAS FRAGUEIRO BRAIS - 35610247Z<br>Fecha: 2023.03.13 08:57:38 +01'00' | MARIÑO PAZ RAMON - 33250540S<br>Firmado digitalmente por MARIÑO PAZ RAMON - 33250540S<br>Fecha: 2023.03.13 13:19:18 +01'00' | 17 MAR. 2023<br>Selo da Facultade de Filoloxía |

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Título:**

Primeira aproximación aos protocolos notariais de Johán Rodríguez (Catedral de Tui, 1413-1442)

Primera aproximación a los protocolos notariales de Johán Rodríguez (Catedral de Tui, 1413-1442)

First contact to the notarial registries of Johán Rodríguez (Tui Cathedral, 1413-1442)

**Resumo:** En liñas xerais, este Traballo de Fin de Grao ten por finalidade central realizar un primeiro achegamento aos protocolos notariais de Johán Rodríguez, da catedral de Tui (referencias arquivísticas ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1004_1 e ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1003_2). Estes foron producidos a principios do século XV, exactamente entre 1413 e 1442. Para iso, en primeiro lugar, seleccionarase un subcorpus de estudo, caracterizado por un conxunto senlleiro de documentos que reflictan a intervención da muller en asuntos relacionados basicamente coa compravenda e o aforamento de propiedades. Unha vez escollidos estes textos, procederase á súa edición e posteriores estudo e análise ecdótica. Ademais, reuniranse e estudaranse as alusións que nestes documentos se fan ao notario Vasco Lourenço de Tui, autor dunhas glosas a un exemplar do *Fuero Real* de Afonso X que circulou polas terras do Baixo Miño entre finais do século XIV e principios do século XV. Así pois, este Traballo de Fin de Grao supón un primeiro chanzo dentro dun proxecto de investigación máis amplo, que consistiría na edición e análise do conxunto deses protocolos notariais tudenses de principios do XV.

Encádrase dentro do proxecto "Escritorio Galego-Portugués Antigo", resultado dun proceso de investigación iniciado en 2007 no seo do Instituto da Lingua Galega. Actualmente, o EGPA desenvólvese no marco de dous proxectos de investigación vencellados ás universidades de Alcalá de Henares e Santiago de Compostela: HERES (Universidad de Alcalá de Henares) e PTGM (ILG-USC). O seu obxectivo principal é ofrecerlle ao investigador textos galegos, portugueses e brasileiros producidos entre a plena Idade Media e principios do século XX en multiedición dixital: transcrición paleográfica, presentación crítica, reprodución facsimilar, concordancias e acceso aos

diferentes grupos textuais de acordo con distintos criterios de clasificación (cronolóxico, xeográfico, tipolóxico etc.). Para máis información, véxase: https://corpora.uah.es/egpa/.

**Palabras clave:** Catedral de Tui, galego medieval, Johán Rodríguez, protocolos notariais, prosa documental.

**Declaración de orixinalidade**

Eu, Brais Costas Fragueiro, con DNI 35610247Z, declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é orixinal e da miña propia autoría, salvo naqueles casos en que foi citada debidamente a fonte da que se tomou a información. Do mesmo xeito, manifesto que son consciente das consecuencias que suporía o plaxio.

En Santiago de Compostela, a 3 de xuño de 2023

# Índice


I. Introdución ..... 1

II. Contextualización ..... 4

2.1. A diocese e a cidade de Tui na Baixa Idade Media ..... 4

2.2. Intra muros ..... 5

2.3. O señorío e o cabido da Catedral de Tui ..... 8

2.3.1. O señorío ..... 8

2.3.2. O cabido ..... 12

2.4. A produción notarial na contorna tudense no século XV ..... 13

2.4.1. Johán Rodríguez ..... 14

2.4.2. Vasco Lourenço ..... 16

2.4.3. Álvaro Eanes das Eiras ..... 16

III. Estudo lingüístico ..... 17

3.1. O pronome *min* con función de suxeito ..... 18

3.2. O pronome persoal *elo* ..... 20

3.3. O pronome demostrativo ..... 22

3.4. Interpolación das unidades sintácticas ..... 25

IV. Criterios de edición ..... 27

4.1. Regularización de grafías ..... 27

4.1.1. Regularización, nivelación e redistribución de grafías ..... 27

4.1.2. Regularización das grafías das consoantes palatais lateral /ʎ/ e nasal /ɲ/ en <ll, nn> ..... 28

4.1.3. Redistribución no uso de <s/ss, c/ç, z, g/j> conforme os padróns habituais ..... 28

4.1.4. Nivelación das grafías <gu/g> /g/, <g/j> /ʒ/ e <r/rr/ir> /ɾ/ ou /r/, mais conservando as vacilacións fonéticas significativas [g/gw]. ..... 28

4.1.5. Nivelación e redistribución de <h> /ø/ inicial e medial ..... 28

4.2. Simplificación e regularización actualizadora ..... 29

4.3. Tratamento dos hiatos ..... 30

4.4. Representación das consoantes nasais e da nasalidade ..... 30

4.5. Aglutinación/deglutinación de elementos lexicais ..... 31

4.6. Sinais tipográficos ..... 32

4.7. Acentuación ..... 33

4.8. Outros aspectos ..... 33

V. Edicións interpretativas ..... 34

5.1. EGPAdoc-0120 ..... 34

5.2. EGPAdoc-0121 ..... 38

5.3. EGPAdoc-0122 ..... 39
5.4. EGPAdoc-0123 ..... 42
5.5. EGPAdoc-0124 ..... 44
5.6. EGPAdoc-0125 ..... 46
5.7. EGPAdoc-0126 ..... 48
5.8. EGPAdoc-0127 ..... 50
5.9. EGPAdoc-0128 ..... 52
5.10. EGPAdoc-0129 ..... 53
5.11. EGPAdoc-0130 ..... 55
5.12. EGPAdoc-0131 ..... 56
5.13. EGPAdoc-0132 ..... 58
VI. Conclusións ..... 59
VII. Abreviaturas ..... 61
VIII. Bibliografía consultada ..... 61
IX. Apéndice ..... 67
9.1. Criterios de transcrición ..... 67
9.1.1. Grafemas e puntuación ..... 67
9.1.2. Abreviaturas ..... 67
9.1.3. Outros aspectos ..... 70
9.2. Transcricións semipaleográficas con protomarcado ..... 71
9.2.1. EGPAdoc-0120 ..... 71
9.2.2. EGPAdoc-0121 ..... 75
9.2.3. EGPAdoc-0122 ..... 77
9.2.4. EGPAdoc-0123 ..... 79
9.2.5. EGPAdoc-0124 ..... 81
9.2.6. EGPAdoc-0125 ..... 83
9.2.7. EGPAdoc-0126 ..... 86
9.2.8. EGPAdoc-0127 ..... 88
9.2.9. EGPAdoc-0128 ..... 90
9.2.10. EGPAdoc-0129 ..... 91
9.2.11. EGPAdoc-0130 ..... 94
9.2.12. EGPAdoc-0131 ..... 95
9.2.13. EGPAdoc-0132 ..... 98

# I. Introdución

No prefacio da súa coñecida *História do galego-português*, Clarinda de Azevedo Maia (1986: 9) comeza arengando á "renovação dos estudos de História da língua portuguesa, sobretudo no que se refere ao período medieval", que se apoia "necessariamente na publicação de novas fontes documentais, até ao momento inéditas, e no seu aproveitamento linguístico". Baixo esta premisa, nace este Traballo de Fin de Grao, xa que pretende a transcrición, edición e análise dun conxunto determinado de documentos pertencentes aos protocolos do notario tudense Johán Rodríguez , cuxas referencias arquivísticas son ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1004_1 e ES.GA.36055.ACHDT/1.8.1.45.//1003_2[1]. Na figura 1, pódese apreciar a natureza destes documentos.



**Figura 1.** Reprodución do documento correspondente ao EGPAdoc-0127 (ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 42v).

Esa selección de textos, concretamente trece, realizouse seguindo como criterio fundamental a participación de mulleres en compravendas, testamentos e foros, principalmente. Na táboa 1, preséntanse sinteticamente os folios concretos escollidos. A continuación, procedeuse á súa transcrición semipaleográfica, grazas á plataforma

[1] Arquivo da Catedral de Tui, caixas 1003, nº 2 e 1004, nº 1.

*Galiciana*[2], onde os sobreditos protocolos están dixitalizados e á disposición do público xeral. Porén, debido ás dificultades de lectura encontradas nalgunhas follas en concreto, optouse pola súa consulta *in situ*, no arquivo da catedral de Tui, o día 19 de maio de 2023. Nesta visita clarificáronse pequenos detalles que non puideron ser percibidos nos documentos dixitalizados. Ademais, cómpre avisar que estas transcricións, xunto cos criterios seguidos para o seu desenvolvemento, foron incluídas como apéndice, debido ás limitacións de espazo deste Traballo de Fin de Grao.

| **Documento EGPAdoc** | **Data principal** | **Cota** | **Asunto** |
|---|---|---|---|
| 120[3] | 18/11/1417 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 8rv | Costança Afonso, dita Lobata, presenta manda para transmisión de bens forais en Tui e no couto de Malões e Pexegueiro. |
| 121 | 19/3/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 10rv | Elvira Gonçalves afora unha cortiña preto da fonte de Reimilo. |
| 122 | 21/3/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 10v-11r | Elvira Gonçalves renuncia ao foro dunha casa ante Santa María do Portal en favor da súa irmá Costança Eanes. |
| 123 | 21/3/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 11v | Elvira Gonçalves sucede a súa nai Tareixa Martís no foro dunha casa na rúa das Adegas. |
| 124 | 21/3/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 12r | Elvira Gonçalves sucede o seu pai Nuno Gonçalves no foro dunha casa na rúa das Adegas. |
| 125 | 13/5/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 13v-14r | María Anes renuncia ao foro dunha viña en Santa Baia e Álvaro Gómez de Chẽelo e a súa muller Lionor Vásquez substitúena. |

[2] Pódese consultar no seguinte enderezo: https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=1971689

[3] A numeración é coherente cos demais documentos do EGPA. Comezo en EGPAdoc-0120 e remata en EGPAdoc-0132.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 126 | 9/9/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 17rv | Margarida Estévez confirma a sucesión foral do chouso do Erbedeiro. |
| 127 | 30/10/1421 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 42v | María Álvarez e Leonor Vásquez herdan contratos forais en Tui, Amorín, Santa Baia e outros lugares. |
| 128 | 30/10/1421 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 43r | Leonor Vásquez acepta, como segunda voz, o foro dunhas casas en Tui. |
| 129 | 19/11/1421 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 43rv | Elvira Gonçalues afora unha casa na rúa dos Miñotos. |
| 130[4] | 13/5/1418 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 14r | Estevõo Suárez afora unhas casas no Curral, preto de Santa María do Portal. |
| 131 | 9/7/1427 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 85rv | Costança Pérez renuncia a un foro do muíño cotiñeiro no río de Moíños. |
| 132 | 9/8/1427 | ACT, caixa 1003, nº 2, fol. 86v-87r | Elvira Gonçalves afora unha casa na rúa das Adegas. |

**Táboa 1.** Relación de documentos estudados.

Deseguido, continuouse coa edición interpretativa, eixe central deste Traballo de Fin de Grao, seguindo unha serie de criterios previamente estabelecidos. Finalmente, proseguiuse coa análise ecdótica e cun estudo morfosintáctico dalgúns aspectos sobresalientes dos pronomes persoais e demostrativos. Como se citou no documento de delimitación de título e resumo, que reflicte un estado embrionario deste traballo, buscábase reunir e estudar as alusións feitas nestes protocolos ao notario Vasco Lourenço, autor dunhas glosas a un exemplar do *Fuero Real* de Afonso X que circulou polas terras do Baixo Miño entre finais do século XIV e principios do século XV (Pichel *et al.* 2020:

[4] Trátase do documento engadido *a posteriori*, xa que nel intervén Vasco Lourenço.

197-198). Desta maneira, tras atopar a citación deste notario nun documento, decidiuse incluílo tamén neste traballo[5], a pesar de que non interviñeron mulleres nel.

Amais diso, durante o proceso de consulta de obras de investigación ou de divulgación que transcribiron, de maneira incompleta, os protocolos de Johán Rodríguez, atopáronse algunhas alusións ao devandito Vasco Lourenço, mais tamén a Álvaro Eanes das Eiras, copista do *Tratado de alveitaría*. Como se explicará decontado, esta documentación ofrece a posibilidade de debuxar, aínda de xeito moi superficial, as relacións entre os tres notarios.

Finalmente, os textos transcritos e editados pasarán a formar parte do proxecto "Escritorio Galego-Portugués Antigo" (EGPA), froito dun proceso de investigación iniciado en 2007 no seo do Instituto da Lingua Galega. Encádrase no marco de dous proxectos vencellados ás universidades de Alcalá de Henares e Santiago de Compostela: HERES (Universidad de Alcalá de Henares) e PTGM (ILG-USC). Este proxecto busca ofrecer textos galegos, portugueses e brasileiros producidos dende a plena Idade Media ata principios do século XX mediante unha multiedición dixital -que inclúe transcrición semipaleográfica, presentación crítica, reprodución facsimilar, concordancias e acceso aos diferentes grupos textuais de acordo con distintos criterios de clasificación (cronolóxico, xeográfico, tipolóxico etc.)-. Para máis información, véxase: https://corpora.uah.es/egpa/.

# II. Contextualización

## 2.1. A diocese e a cidade de Tui na Baixa Idade Media

A actual vila de Tui érguese sobre un pequeno outeiro dende o que se divisan as dúas beiras do Miño, a galega e a portuguesa, moi preto xa da súa desembocadura. Como é ben sabido, o seu devir histórico é inseparábel da sé episcopal, estabelecida formalmente como tal no II concilio de Braga (572), que a desmembrou da sé bracarense. Na *Divisio Theodemiri* (ca. 572-589), canda as outras doce que compuñan o reino suevo, xa se recolle a diocese de Tui, cun total de dezasete parroquias, a ambas as dúas marxes do Miño, enclavadas aproximadamente entre o río Limia, a costa atlántica e a serra do Suído. Baixo ela quedaban outros núcleos como Baiona, A Guarda, Salvaterra e Ribadavia, e mosteiros como o de Oia (Iglesias Almeida 2008: 16-24).

[5] Trátase do documento EGPAdoc-0130.

A devandita sé e mais a súa posición estratéxica, favorecida por ser un lugar de paso obrigado dos camiños que vertebraban a comunicación desta rexión transfronteiriza, supuxeron un incremento constante da súa relevancia no control das terras aquén e alén do río. Ata 1378, os territorios situados entre o Miño e o Limia adscribíanse tamén a Tui, pero non foi ata 1444 cando "se consume oficialmente a desmembración da antiga diocese ao tempo que [o territorio portugués] pasa a depender da de Ceuta" (Iglesias Almeida 2008: 195-197). Porén, as conexións entre ambas as dúas beiras non esmoreceron. Por exemplo, o mosteiro cisterciense de Oia mantivo ata finais do século XV un número significativo de propiedades na rexión Entre Lima e Minho, principalmente en aldeas dos actuais municipios de Valença e Vila Nova de Cerveira (Rodrigues 2017: 45). En definitiva, a fronteira galego-portuguesa estaba daquela moi esvaída. Así o explica Ana Paula Leite Rodrigues (2017: 57-58):

> O curso do rio Minho delimitou, portanto, uma fronteira peculiar. Peculiar porque, em tantos aspectos, esta fronteira não o foi. O clima e a geografia, as relações sociais entre as povoações, a língua comum ou interdependência económica, uniam com laços fortes e coesos galegos e portugueses. Cenóbios, famílias aristocráticas, mitras e cabidos, mas também proprietários alodiais, detinham bens a ambos os lados da fronteira, como se esta não existisse.

## 2.2. Intra muros

Tui era, pois, o núcleo urbano que gozaba de maior importancia na bisbarra e o único que era designado explicitamente como *cidade*, tal e como se pode comprobar na documentación estudada. A existencia de murallas defensivas era un dos requisitos necesarios para ter tal condición, segundo viña recollido nas Partidas. Aínda que xa estaba fortificada dende o século XII, o XV tórnase decisivo á hora de emprender as pertinentes reparacións para manter o mecanismo defensivo (Sánchez Carrera 1997: 165-166).

Os protocolos notariais de Johán Rodríguez supoñen unha fonte de primeira man para o coñecemento da realidade tudense intra muros. Indican Iglesias Almeida e Méndez Cruces (1990: 56) que as casas máis comúns adoitaban ter un piso e algunhas, outro de madeira. Xunto a estas edificacións tamén había enxidos e cortiñas (pequenas hortas contiguas), pardiñeiros (partes das casas xa en ruínas, que servían para gardar os apeiros), adegas e lagares, e resíos (terreos sobrantes ás marxes de muros e fachadas)[6]. Tamén se

[6] Iglesias Almeida e Méndez Cruces (1990: 56) inclúen aquí tamén as *necessarias*, pois indican que eran cubertos para gardar leña. Porén, a interpretación máis plausíbel sería 'latrina, retrete' (Morais Silva 1980: 90; Figueiredo *et al.* 1996: 1770; Rivas Quintas 1978, *apud* DD; Rivas Quintas 2015: 375). Esta voz menciónase na documentación de Johán Rodríguez, no documento 129r, liña 15.

testemuñan muíños e fornos nas proximidades da cidade. Concretamente, nos textos estudados (EGPAdoc-0127r, 21; EGPAdoc-0131r, 9) cítanse un forno e un muíño *cutinneiros*. Sánchez Carrera (1997: 97) entende que debido á "falta de identificación de esta palabra, tanto en diccionarios actuales como en los vocabularios antiguos", quizais "se trate de molinos [e fornos] que están en disposición de moler [e cocer] cotidianamente". Porén, con bastante seguranza esta voz sexa da mesma familia ca *cutir* 'golpear, bater de punta' e *cutián* 'batán, folón' e, polo tanto, posibelmente fosen aparellos auxiliares destinados a bater os tecidos fabricados nos teares (Rivas Quintas 1997: 15, 592).

Cinguíndonos exclusivamente ao corpus estudado, resulta pertinente a realización dunha concisa relación da hodonimia mencionada. Non é unha tarefa doada situar indubidabelmente no actual rueiro da cidade as rúas que aparecen nos textos, mais grazas aos estudos de Sánchez Carrera (1997: 166-178), quen se vale principalmente para esta tarefa dos protocolos de Johán Rodríguez, e tamén de Iglesias Almeida e Méndez Cruces (1990: 57-58), pódese colixir o lugar aproximado que ocuparía cada unha delas no mapa medieval. Para unha mellor localización, véxase a figura 2.




**Figura 2.** Rueiro da cidade de Tui no século XV (Sánchez Carrera 1997: 170)

Cómpre comezar pola praza de Santa María do Portal, hoxe chamada San Fernando, situada exactamente diante da catedral e, polo tanto, centro neurálxico da cidade. Contaba cun pozo que a abastecía de auga (Sánchez Carrera 1997: 168-169). A ela ía dar a rúa das Adegas, chamada así pola presenza de locais destinados á produción de viño (Sánchez Carrera 1997: 170). Outra rúa mencionada é a dos Miñotos, cuxo nome posibelmente se

deba á presenza de veciñanza vida das ribeiras portuguesas do Miño. Ora ben, existen outros topónimos na contorna que poden confirmar máis asentamentos, como Valdemiñotos (O Rosal), e tamén microtopónimos, como Miñoto (Pedornes, Oia), Miñota (Tui) e Miñoteira (Pontellas, O Porriño). O mesmo feito de que se grafe exclusivamente co dígrafo <nh>[7] este hodónimo pode ser tamén unha evidencia de que se chamou así porque os veciños que primeiramente se asentaron nela procedían de Portugal.

Ademais das prazas e das rúas, é preciso sinalar a importancia das portas de acceso á cidade intra muros. Nos documentos estudados, as descricións dos bens toman como referencia algunhas delas, por exemplo a Porta do Arco e mais a Porta do Pestigo (ou Postigo). Esta última resulta de especial relevancia para o posterior estudo das relacións entre Johán Rodríguez e os outros dous notarios Vasco Lourenço e Álvaro Eanes das Eiras, xa que o tradutor do *Tratado de alveitaría* tiña aforadas unhas casas preto desta porta, segundo un documento notarial do 15 de maio de 1431, baixo a fe do mesmo Johán Rodríguez:

> [...] outorgaram a foro a Alvaro Eanes da Seyra, scripvam e mercador, e a sua moller Maria Afonsso, moradores da dita çidade de Tuy [...] huas casas que estan em esta çidade enna Rua que vaay da Porta do Pestigoo do redeyro para a Porta do Arquo da parte do fondo contra o muro da villa (Corrales Lorenzo 1981: 250-251; Prot. de Johán Rodríguez, libro III, folios 58rv).

| Hodónimo | Nome actual | Documento |
|---|---|---|
| *Lagea, A* | Descoñecido | 125, r, 11. |
| *Pestigo, O* | Rúa Tide | 120, r, 15 e 31. |
| *Porta do Arco, A* | Rúa Antero Rubín | 121, r, 11. |
| *Rúa das Adegas* | Rúa Seixas | 122, r, 13; 123, r, 9; 124, 9 e 12; 132, r, 11. |
| *Rúa dos Minhotos* | Rúa do Ouro | 129, r, 13, 16. |
| *Santa María do Portal* | Praza de San Fernando | 122, r, 10. |

**Táboa 2.** Hodónimos citados nos documentos de Johán Rodríguez estudados.

[7] Véxase tamén o uso do dígrafo <th> en *thudos* (EGPAdoc-0120, r, 12; EGPAdoc-0123, r, 29). Deste xeito, é evidente que o notario e os seus escribentes tiñan coñecemento das grafías usuais na documentación portuguesa.

## 2.3. O señorío e o cabido da Catedral de Tui

### 2.3.1. O señorío

Segundo Vila (2009: 405-406), "a orixe do señorío episcopal sobre a cidade tudense provén da doazón dos condes Raimundo e Urraca no ano 1095". Os monarcas que os sucederon continuaron outorgándolle maior poder á Igrexa sobre a cidade de Tui mediante novos dereitos como a pesca no río, o portádego, a inmunidade xudicial e os monopolios do viño e dos panos. Porén, o concello contrarrestou, en certa maneira, o seu peso co mantemento de certos privilexios e costumes. Mais cómpre subliñar que o coñecemento que se posúe hoxe da importancia do rol do bispo no seu señorío é incompleto, xa que practicamente non existen testemuños escritos da chancelería episcopal. Por outra banda, Pallares Méndez e Portela Silva (1971: 60) matizan que a paulatina expansión do mosteiro de Oia tamén "puso freno a la extensión e influencia de Tuy en el Bajo Valle del Miño".

A extensión do seu couto coincide, en boa parte, coa dos territorios que actualmente integran os actuais concellos de Tui e Salceda de Caselas. A ampliación cara a espazos rurais supuña incrementar o fluxo económico, principalmente agrícola e comercial (Vila 2009: 517). Así describe Suso Vila (2009: 23) as súas lindes e, nas figuras 3 e 4, pode verse graficamente esta delimitación[8]:

> O couto será marcado nos seus lindeiros, aproximadamente desde a altura de O Torrón (Sobrada), pasando por Seixos Albos (Areas), Marco de Friande (Randufe), Monte Aloia; como lindeiro norte pasaba o Louro á altura de Orbenlle (O Porriño), baixaba ata o alto de Sobredo (Guillarei) e collía un regato no medio da veiga de Paramos ata o río Miño; adentrábase en Portugal rodeando as alturas veciñas de Valença (Monte Faro), baixaba por Gándara e Arão, e finalizaba en Segadães.

Este novo couto partiría do núcleo primitivo da cidade e dalgunhas parroquias[9] pequenas adxacentes. A el fóronlle sumadas outras coma San Xoán do Porto, Rebordáns, Areas, Ribadelouro, Guillarei, Paramos, Baldráns ou Soutelo. Posteriormente, o número de freguesías foi aumentando, grazas, por exemplo, a permutas co mosteiro de Oia, como aconteceu con Malvas. Dentro desta xurisdición e control, tamén se incluíron outras coma Pexegueiro e Caldelas (Vila 2009: 24-25).

[8] Nótese que estes mapas só inclúen a zona galega.
[9] Daquela, non estaba conformada a actual división parroquial. As freguesías eran o centro relixioso do couto (Vila 2009: 517).




**Figura 3.** O espazo tudense nos séculos XI e XII (López Alsina 2006: 95).

Cómpre salientar tamén que os coutos aparecen como unidade básica do señorío xurisdicional e, en efecto, constitúen un dos trazos definitorios do feudalismo galego. Na maior parte dos casos serán o xermolo das parroquias vindeiras. O Baixo Miño está eminentemente en mans de señoríos eclesiásticos (ademais de Tui, destacan os mosteiros cistercienses de Oia e Melón). Secasí, tamén existían señoríos laicos, como o de Soutomaior (e quizais A Guarda e Goián), e vilas reguengas, como Baiona (Sánchez Carrera 1997: 147-148). É innegábel a superioridade económica da Igrexa e, polo tanto, tamén a social e a cultural. Así pois, estas institucións poden proporcionar a súa protección a un número crecente de persoas. Por iso mesmo, os contratos forais proliferan dende o século XIII. E, ademais, non se pode esquecer o papel relixioso e moral que exercían, que está relacionado tamén con doazóns piadosas e testamentos en favor da Igrexa (Portela Silva 1976: 231-233).




**Figura 4.** Coutos na diocese de Tui (Sánchez Carrera 1997: 148-150).

Mediante unha sucinta relación dos microtopónimos e macrotopónimos mencionados no corpus estudado (véxanse as táboas 3 e 4) pódese debuxar un pequeno mapa (figura 4) que permita discernir que territorios estaban vinculados co señorío tudense, ou ben por seren lugares onde posuía dereitos de propiedade, ou ben por seren as localidades de orixe ou de residencia dos participantes nos contratos de foro.

Así pois, desa información conclúese que a maior parte dos nomes rexistrados sitúase na propia cidade de Tui ou nos seus coutos circundantes, mais tamén hai algúns máis afastados, nos actuais concellos de Arbo (no caso de Cequelos) ou alén do Miño (Valença, quizais Fontão Covo), ademais dos referidos arcediagados de Miñor e Montes.

| Microtopónimo | Localización | Documento |
|---|---|---|
| *As Pedrosas* | Amorín, Tomiño | 127, r, 21. |
| *Fonte de Reimilo*[10] | Fonte de San Domingos, Tui | 121, r, 9. |
| *O Curral* | Preto de Santa María do Portal, Tui | 130, r, 8. |
| *O Erbedeiro (chouso)* | O Erbedeiro, Alxén, Salvaterra de Miño | 126, r, 10. |
| *Portela de Froián, A* | Descoñecida | 120, r, 16. |
| *Río de Moinnos* | Río Muíños (ou Tripes), Tui | 131, r, 9. |
| *Santo Antón*[11] | Monte de Santo Antoniño | 120, r, 16. |

**Táboa 3.** Microtopónimos citados nos documentos de Johán Rodríguez editados.

| Topónimo maior | Localización | Documento |
|---|---|---|
| *Alvan* | Descoñecida | 131, r, 4; 132, r, 4. |
| *Alvelos* | Albelos, Guillarei (Tui) | 123, r, 23; 124, 11. |
| *Amorín* | Amorín (Tomiño) | 127, r, 21; 128, r, 9. |
| *Caminna* | Caminha (Portugal) | 132, r, 5. |
| *Cequelos* | Cequeliños (Arbo) | 131, r, 5. |
| *Chẽelo* | Chenlo (O Porriño) | 125, r, 23; 127, r, 5. |
| *Fontão Covo* | Quizais Fontão Covo, Arcos de Valdevez, Portugal | 127, r, 22. |
| *Gondar* | Descoñecida | 129, r, 14. |

[10] Segundo Iglesias Almeida (2005b: 49), a fonte de San Domingos atópase "situada inmediata a la bajada de la Marina, antiguamente extra muros, al comienzo del arrabal de Santo Domingo, de ahí su propio nombre. En la documentación medieval figura con el nombre de Reimiro, siendo reedificada por la ciudad en el año 1718, según indica inscripción de la misma".

[11] Na parroquia de Couso (Gondomar), xa no linde co concello de Tui, existe un monte coñecido por *Santo Antoniño*. Na documentación medieval adoita encontrarse tamén como *Portela de Santo Antón* (Vila 2009: 516).

| | | |
|---|---|---|
| *Gulãas* | Guláns (Ponteareas) | 125, r, 5. |
| *Maceeira* | Maceira, Parderrubias (Salceda de Caselas) // A Maceira, Cabreira (Salvaterra de Miño) | 120, r, 31. |
| *Maloes / Malões*[12] | Malvas (Tui) | 120, r, 16 e 35; |
| *Outeiro, O* | Hai varios núcleos con este nome no concello de Tui: Paramos, Rebordáns, Guillarei e Randufe. | 127, r, 22. |
| *Paaços de Reis* | Pazos de Reis (Tui) | 131, r, 8. |
| *Paramos* | Paramos (Tui) | 122, r, 11. |
| *Pessegueiro* | Pexegueiro (Tui) | 120, r, 16 e 35; 127, r, 3. |
| *Redondela* | Redondela | 120, r, 26. |
| *Salvaterra* | Salvaterra de Miño | 125, r, 4; 126, r, 4; 127, r, 2 e 5; 128, r, 3; 129, r, 3; 132, r, 4. |
| *Santa Vaia / Santa Baia* | Santa Baia, Guláns (Ponteareas) | 125, r, *marxe*, 9 e 34; 127, r, 24. |
| *Souto, O* | Hai varios núcleos con este nome no concello de Tui: Caldelas de Tui, Randufe, Guillarei e Pexegueiro. | 129, r, 7; 132, v, 28. |
| *Soutolovre* | Soutolobre (Salvaterra de Miño) | 125, r, 12 |
| *Valença* | Valença de Minho (Portugal) | 125, r, 9. |
| *Varaas / Varãas* | Quizais Baldráns (Tui) | 120, r, 26 e 30. |

**Táboa 4.** Macrotopónimos citados nos documentos de Johán Rodríguez editados.

[12] Edelmiro Bascuas (2014: 226) indica que *Malvas*, atestado como *Malões* dende o século XII, provén dun xentilicio *MALONES, con substitución ultracorrecta de *-e* por *-a*. Gonzalo Navaza (2009: 220-221) emparéntao tamén co topónimo lugués *Mos* e explica que é "un topónimo prerromano que se presenta na actualidade baixo a aparencia dun apelativo latino-romance, pola súa identidade formal co plural do substantivo *malva*, de significado botánico", formado mediante "o sufixo plural -ONES, habitual en xentilicios e etnónimos, dunha raíz prelatina **mal-*, probablemente de significado oronímico". Tamén engade que "o *MALONES orixinario ha de ser por forza proparoxítono, pois só en posición átona se pode esperar a consonantización labializante da vogal velar". Martínez Lema (2018: 30) indica que aparece "nos textos do nosso corpus como *Malones* (BVM 1287), *Maloes* (THPT 1436) ou *Malloas* (THPT 1487), variantes representativas das diferentes fases evolutivas de um antigo *MALLŎNES com paralelos conhecidos e confiáveis noutras formas toponímicas galegas". Explica esta evolución polo "facto de o glide [w] ter vindo a consonantizar-se (*MÁLUAS > *Malvas*), alteração que talvez possa ser atribuída à interferência do fitónimo malva".




**Figura 4.** Mapa, con base en *Google Maps*, cos nomes de lugar mencionados. En azul, macrotopónimos; en encarnado, microtopónimos; en lila, arcediagados[13].

### 2.3.2. O cabido

O cabido era a institución cuxa finalidade básica era o goberno catedralicio. Os seus membros reuníanse no claustro da catedral, tanxendo unha campá para chamar polos participantes, como así o indica a fórmula dos textos *por son de campãa tanjuda*. A sala capitular data do século XII, aínda que se documentan cambios esporádicos de lugar, tanto cara a outras estancias na catedral coma cara a fóra, por exemplo, a igrexa de Santa María de Oliveira (Vila 2009: 407).

Os principais compoñentes[14] deste órgano eran o deán, quen o presidía; o chantre, encargado do coro; o tesoureiro, cuxa encomenda era a administración do patrimonio eclesiástico; o mestrescola, que realizaba funcións de chanceler e tamén organizaba o ensino; os arcediagos, en quen se delegaba o goberno diocesano por circunscricións (nos textos estudados testemúñanse os adscritos a *Miñor*[15] e *Montes*[16], aínda que tamén se sabe doutros dous na ribeira miñota, *Cerveira* e *Labrugia*); os cóengos, que axudaban ao culto catedralicio no coro; e, finalmente, un número indeterminado de *razoeiros*. Engadíanse a esta listaxe outros oficios auxiliares como os mordomos, os avogados, os procuradores,

[13] Accesíbel en: https://www.google.com/maps/d/viewer?mid=1yKE9tvGMz_TdtmF0jKdGPHOe-u3ksWw&ll=42.05681399582111%2C-8.552575950000003&z=10.
[14] Ata 1435 ese número era de 36 cóengos. De 1435 en diante rebáixase a 25 e logo a 23.
[15] Correspóndese co actual arciprestado de Miñor. Comprendía o territorio actual dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán (Ávila y la Cueva 1995: 492-512).
[16] Correspóndese co actual arciprestado de Montes-Mondariz. Abranguía o espazo dos concellos contemporáneos de Covelo, Mondariz e Mondariz-Balneario, e mais as parroquias de Fozara, Paredes e Pías (hoxe pertencentes a Ponteareas) (Ávila y la Cueva 1995: 397-415).

os luminarios, os contadores do libro da mesa capitular e os notarios (*vid*. epígrafe 2.4) (Sánchez Carrera 1997: 229-230; Vila 2009: 406-407).

Do patrimonio do cabido, ao contrario do que ocorre cos bens do propio bispo, existe maior información grazas á conservación da documentación en que se recollen os foros outorgados. Este foi o principal mecanismo empregado para o seu sostemento económico. As súas pertenzas ían dende bens urbanos (principalmente na cidade de Tui, mais tamén noutros núcleos como Baiona) ata rústicos (muíños, chousas, hortas, cortiñas, pardiñeiros, viñas etc.). A duración dos foros adoitaba ser de tres voces, isto é, tres xeracións. Tamén cabe sinalar o número considerábel de renuncias que se evidencian, incluídos aqueles casos en que os aforados non podían pagar as rendas alegando ser "vella, fraca, prove e viuva" ou "vellos, fracos e doentes"[17]. Todas estas puntualizacións ofrecen unha información moi valiosa para o estudo da sociedade e da economía do século XV (Sánchez Carrera 1997: 201-233).

Indica Sánchez Carrera (1997: 234) que "las rentas devengadas al Cabildo no eran entregadas directamente a este por los deudores, sino que el Cabildo encargaba su cobranza a personas concretas, llamadas *teenseyros*", quen acostumaban ser persoas de certo poder, incluídos membros do mesmo órgano colexiado. Por outra banda, indica Vila (2009: 408) que "o desenvolvemento das sesións do cabido non debían ser moi tranquilas, sobre todo durante o convulso século XV", debido á "heteroxeneidade dos seus compoñentes" e ao "dominio dos Soutomaior sobre a cidade e o bispado, cousa que provocaría unha gran diminución das rendas capitulares". Neste século, ademais, advirte Sánchez Carrera (1997: 239) que o cabido non tiña xa unha "política expansiva de sus propias posesiones, puesto que no realiza compras".

### 2.4. A produción notarial na contorna tudense no século XV

O galego comezou un proceso de individuación con respecto ao latín xa durante o século XIII. Dende aquela ata a primeira metade do XVI[18], a lingua galega foi empregada constantemente no ámbito da xustiza e das administracións civil e eclesiástica. Entre os séculos XIV e XV, foi utilizada sen interrupcións, tanto no público coma no privado e soamente foron a excepción os documentos que proviñan ou se dirixían á chancelería real

[17] Véxase o EGPAdoc-0125, f 1r, liña 15 e EGPAdoc-0131, f 1r, liñas 10 e 11.
[18] Indica Mariño Paz (1998: 185) que "a súa existencia en tales eidos resultou moi lánguida nas décadas que precederon inmediatamente o momento do seu definitivo abandono deles".

(Mariño Paz 1998: 184-185). Así explica o devandito autor todos os sectores que abranguía (Mariño Paz 1998: 185-186):

> As corporacións civís (concellos, gremios, confrarías) e eclesiásticas (igrexas, catedrais, mosteiros) valéronse del constantemente, como se pode comprobar consultando, por exemplo, a documentación de concellos importantes coma os de Santiago, A Coruña, Betanzos, Pontevedra e Ourense ou a de organizacións gremiais tales coma a dos correeiros da cidade de Santiago, a da confraría dos acibecheiros, a da confraría de Santa María das Mercedes de Santiago, a do gremio de cambiadores de Santiago, a dos gremios de Noia, etc. [...] O galego, en fin, chegou a cubrir durante os séculos XIV e XV case tódalas funcións propias dunha lingua nacional normalizada.

A función notarial tampouco quedou relegada destes usos. A partir tamén do século XIII, coa lexislación afonsina, nace a clase profesional do notario como oficial público. Este feito significou un cambio nas prácticas e na linguaxe da fe pública. Así, cando menos algúns notarios, nun primeiro momento debían escribir nun borrador unha serie de notas sobre o acto xurídico en cuestión e, acto seguido, redactaban o documento solemne. Estes últimos podían ser incorporados a un *libro de rexistros*, aínda que tamén poderían ir acompañados por documentos de notas. Estes compendios tamén se adoitan chamar *protocolos*, aínda que cómpre ter en conta que este termo comézase a impor no século XVI (Tato Plaza 1999: 25-27).

O Arquivo da Catedral de Tui conserva un salientábel fondo con documentos datados dende o século X ao XV. Entre eles, destaca o conxunto formado polos protocolos dos séculos XIV e XV, correspondentes aos foros de propiedades do cabido e que recollían tamén outros asuntos propios da devandita institución, como nomeamentos e outros mesteres asignados. Estes documentos testemuñaban permutas, doazóns, compravendas e demais actos que atinxían ás súas propiedades en casais, viñas, herdades, muíños etc. Neles interviñan os notarios para dar cumprida fe pública dos feitos. Algúns deles son Fernán Eanes (1323), Pero da Lagea (1328-1349), Fernán Pérez (1349-1374), Nuno Gonçalves (1390-1422), Estevo Suárez (1408-1417) e Luís Vieira (1466-1467)[19].

### 2.4.1. Johán Rodríguez

Nesta primeira aproximación ao notario Johán Rodríguez cómpre comezar sinalando que non existen datos suficientemente certeiros sobre a súa biografía, á espera dun labor investigador máis profundo. Ademais dos dous libros mencionados na introdución, da súa produción notarial na catedral de Tui consérvanse catro libros máis, datados entre 1413 e

[19] Pódense consultar as transcricións deste protocolo en Iglesias Almeida, Ernesto (2005a).

1442. Estes protocolos carecen de número, mazo e numeración e atópanse compartidos con Fernán Gonçalves, Afonso Fernández, Johán Míguez, Luís Vieira e un libro de índices (Vila 2009: 577).

Nun documento de 1466, intervén Tereija Domínguez, viúva de Johán Rodríguez de Areas, notario que fora de Tui, para permutar unha devesa no río Muíños. Dada a natureza bastante común do seu nome, cómpre ter certas cautelas sobre se realmente existe coincidencia co notario estudado. De ser así, confirmaríase que era natural de Areas (hoxe parroquia do concello de Tui), que estaba casado e que tiña aforadas terras do cabido. Ademais de ofrecer unha data aproximada do seu falecemento.

Ora ben, existen documentos do mosteiro de Oia que verifican que o seu exercicio laboral comezou antes de 1413, primeiro ano do protocolo da catedral de Tui. Concretamente, Portela Silva (1976: 457-458) transcribe unha permuta dos dereitos que tiña no lugar de Mougás a Joán Faveiro de Varedo, asinada por "Iohan rrodrigez notario publico da çibdade de tuy".

Algúns dos documentos do seu protocolo foron transcritos e editados previamente por outros autores, como Vila (2009), Sánchez Carrera (1997), Astray Suárez (1981) e Corrales Lorenzo (1981), pero todos de xeito fragmentario segundo os seus intereses puntuais. Dos documentos estudados neste Traballo de Fin de Grao non se encontrou ningún que fora editado nestas obras. Á espera dun estudo completo destes textos, non se poden subestimar os réditos que se poden tirar do material transcrito e editado ata hoxe. Dun xeito moi relevante, serven de base para o estudo das relacións estabelecidas entre Johán Rodríguez e os seus homólogos, concretamente con Álvaro Eanes das Eiras e mais Vasco Lourenço, ambos os dous cun perfil sobresaliente entre o notariado do Baixo Miño daquel momento polos motivos que a continuación se exporán. Ora ben, nun documento do 9 de maio de 1433, interveñen os tres: Johán Rodríguez como autorizante e Álvaro Anes das Eiras[20] e Vasco Lourenço, "notario e mercador", como participantes dun acto de permuta co mosteiro de Oia (Astray Suárez 1981: 49-52; folios 17r, 17v e 18r, libro VI). Noutros documentos interveñen soamente dous deles, polo que se manifesta que os tres, cando menos, se coñecían e mantiveron algún tipo de relación.

[20] Astray Suárez (1981: 49-52) transcribe *servan* a continuación do seu nome, mais semella unha lectura dubidosa.

### 2.4.2. Vasco Lourenço

Vasco Lourenço destaca pola súa "actividade tabeliónica e xurídica (...) nas mesmas coordenadas espazo-temporais en que traballa Álvaro Eanes" (Pichel *et al.* 2020: 218). É un dos responsábeis da "profusa anotación correctiva e intertextual incorporada nun exemplar do *Fuero Real*, así como da copia tardía –e quizais tamén da tradución primixenia– do *Tratado de Alveitaría*", posibelmente relacionada coa contorna señorial dos Soutomaior. Estas anotacións do *Fuero Real* son coñecidas como as "Glosas de Vasco Lourenço de Tui" (BITAGAP manid 4094) (Pichel *et al.* 2020: 255).

Durante a segunda metade do século XIV ou xa a principios do século seguinte circulou pola zona tudense un exemplar do código afonsino (BNE, ms. 710; BETA manid 1054). Nel o devandito notario introducira unha abondosa anotación, emenda e colación textual, con comentarios actualizadores e explicativos e incluso coa adición dalgúns capítulos máis. Estas glosas amosan unha variedade lingüística occidental híbrida, de base galego-portuguesa pero con interferencias co castelán (Pichel *et al.* 2020: 197).

Nos protocolos de Johán Rodríguez estudados, concretamente no EGPAdoc-0121 e EGPAdoc-0130, aparece Vasco Lourenço, notario de Tui, como testemuña. Pero tamén nos transcritos por Astray Suárez (1981: 49), no ano 1433 aparece como "notario e mercador, vesino e morador da dita cidade e con sua moller Moor Peres". Tamén se menciona nalgúns dos documentos do notario Lourenço Rodríguez, de 1441 e 1444, transcritos por Sánchez Carrera (1997: 311-318), en que intervén como testemuña; e noutro de Vila-Botanes (2001: 60), de 1423, en que, coa morte do bispo don Johán Fernández de Soutomaior, Vasco Lourenço é escollido mensaxeiro para levarlle ao rei a noticia da elección do novo bispo:

> entom o dito arçediago de mynnor diso que fora por menssegeiro da parte do dito cabido ao duque darjona e o dito vasco lourenço notario que fora por menssegeiro da parte do conçello da dita çidade con çertos capitulos que da parte dos sobre ditos cabidoo e conçello quello deram para o dito duque para que elles dito cabidoo fosem deligentes en escreveer ou apostular ao chantre dourense seu sobrinno para seen [sic] obispo do das igrexas do obispado e que o dito duque quelle respondera ao primeiro capitulo que levavam para el (Prot. Lib. VIII. Fol. 122. 27 decembro de 1423).

### 2.4.3. Álvaro Eanes das Eiras

Outro notario que compartiu coordenadas espazo-temporais cos anteriores é Álvaro Eanes das Eiras (ou Álvaro Eanes da Seira), notario en Baiona, copista do *Tratado de Alveitaría*, a única obra coñecida do galego medieval de carácter científico-técnico, xa que reproduce coñecementos sobre a veterinaria dos cabalos. Este testemuño transmite unha copia de

principios do século XV, que, á súa vez, é copia dunha tradución ao galego-portugués trecentista do tratado latino *De medicina equorum* (ca. 1250-1256) por Giordano Ruffo (BITAGAP bioid 2324). Consérvase compilado xunto cun protocolo do devandito notario datado entre 1409 e 1420 (Pérez Barcala 2013: 61-69; Pichel *et al.* 2020: 216-217).

Cómpre sinalar tamén que Eanes das Eiras foi persoa de confianza ao servizo do bispo de Tui Johán Fernández de Soutomaior II (Pichel *et al.* 2020: 216-217), e que é mencionado tamén nos documentos estudados, concretamente no EGPAdoc-125. Grazas aos protocolos de Johán Rodríguez, colíxese que ademais de notario era mercador. Nun documento do 12 de febreiro de 1428, noméase como "scripvam e mercader vesino e morador da dita çidade", xunto coa "sua moller Maria Affonso" e afora unha casa e unha cortiña na cidade de Tui, precisamente nas rúas da Canicouva e da Oliveira e xunta a fonte de Reimiro (Corrales Lorenzo 1981: 26-29). O 15 de maio de 1431 afora unha casa na Porta do Postigo e vólvese mencionar como "scripvam e mercader e a sua moller Maria Affonso" (Corrales Lorenzo 1981: 251-252).

Tamén aparece como encargado de pagarlles aos mestrescolas que foran ao Concilio de Basilea o 30 de maio de 1433 (Astray Suárez 1981: 70) e recibe unha contía polo cargo de mordomo o 4 de setembro de 1433 (Astray Suárez 1981: 109). Vila-Botanes (2001: 168) tamén transcribe un documento dos protocolos de Johán Rodríguez, de 9 de maio de 1433, en que Eanes das Eiras permuta con Álvaro Cardeal unhas viñas en Randufe[21] e en Saa[22].

## III. Estudo lingüístico

A pesar da frondosidade de información lingüística que ofrecen estes documentos, debido ás limitacións de espazo ás que obriga este presente Traballo de Fin de Grao, optouse por se centrar, de entre todo ese caudal, no estudo dos pronomes persoais e demostrativos. Semellaron relevantes para a súa análise algúns dos aspectos que a continuación se exporán.

[21] Actual parroquia de Randufe, pertencente ao concello de Tui.
[22] Posibelmente o actual lugar de Saa, en Fornelos, Salvaterra de Miño.

### 3.1. O pronome *min* con función de suxeito

O pronome persoal *min* deriva do dativo latino MĬHĪ, "con nasalización progresiva por causa da consoante nasal inicial" (Ferreiro 1995: 241). Nos seus usos primarios, como forma oblicua, adoita ir precedido sempre dunha preposición, mais no galego medieval tamén se poden encontrar casos en que *min* adquire valor de suxeito. Ares Vázquez (1982: 18-19) subliña a excepcionalidade deste feito e testemuña dous casos en *A vida e a fala dos devanceiros* (Ferro Couselo 1967: 24, 49): "nossas cartas que **min** e meu marido Martín Fernandes teemos de nossos heredamentos"[23] e "o quiñón meu das vacas que compramos **min** e el do noso seruiçal". Explica que se trata de documentos notariais de 1265 e 1292, respectivamente. Nese momento, apunta, "as formas da linguaxe non estarían ben determinadas na época e iso leva a insertar formas e construcións en lingua vulgar" e, polo tanto, "a elección entre unhas formas e outras dependería da atención e dos prexuicios (cultos ou non) dos escritores".

Igualmente, Ares Vázquez (1982: 18-19) recorda que "na actualidade non sería posíbel esta construción con *min*, pro convén adiantar que *ti* é actualmente a forma de suxeito na metade do noso dominio". A existencia do pronome *ti* con función de suxeito nalgunhas variedades diatópicas do galego, en substitución do pronome *tu*, derivado directo do latino TŪ, está en harmonía cun proceso semellante desenvolvido entre *min* e *eu*, que non se consolidou mais si deixou bastantes indicios na documentación medieval conservada. Ferreiro (1995: 244) afirma que o uso de *ti* "como segundo termo da comparación, universal en galego moderno introducido polas conxuncións *ca* e *coma* [...] debeu influír" para a súa consolidación "como suxeito da segunda persoa singular". Do meu punto de vista, cabe postular o mesmo respecto do uso de *min* como suxeito, xa que esta forma tamén se usa e usou como segundo termo da comparación despois de *ca* e de *coma*.

Ademais, cómpre situar este cambio no panorama románico. Na Italia setentrional, en xenovés e lombardo, "o caso oblicuo de 1ª e 2ª persoa usurpou o posto de nominativo moi cedo", ao igual que en veneciano, pois "*mi* e *ti* sustitúen as formas [...] *eo* e *tu*". En francés, os pronomes *moi, toi* e *soi* funcionaban como suxeitos e "no macedorrumano *tu* foi suplantado por *tine* e no norte *eu* por *mine*". Pola contra, en catalán e occitano "as formas

[23] Neste mesmo documento de 5 de agosto de 1265, aínda que Ares Vázquez (1982: 18) non o menciona, tamén se pode ler "offerezco **min** e todo o heredamento que eu e meu marido".

suxeito son as que pasan a funcionar como formas con preposición" (Ares Vázquez 1982: 18-19).

José Joaquim Nunes (1975: 239-240) aclara que "além de complementos indirectos, podem ainda exprimir outras relações as formas tónicas *mim* e *ti*, quando acompanhadas de preposição que não seja *com*", mais matiza que "se observa desde os mais antigos monumentos escritos, e até mesmo desempenhar a função de sujeito, mas este último emprego parece quase exclusivo da língua popular". Cintra (1959: 392) sinala que "é relativamente frequente o emprego dos pronomes-complementos *mi* e *ti* na função de sujeitos" e nomea o verso "os grandes nossos amores que **mi** e vós sempr' ouvemos" (Joán Garcia de Guilhade, B 755 / V 358, v. 8), amais de se fixar nos usos de *min* e de *ti* "depois da conjunção *ca*, *que*, vivo ainda hoje en português popular". Clarinda de Azevedo Maia (1986: 663) cita outro exemplo de 1331 ("don Gonçalo, arcebispo, [...] e **min**, Domingo Periz") e apunta que se mantén "numa das variedades regionais [do português], o falar algarvio". Ferreiro (1995: 241) recolle practicamente todos os testemuños anteriores. Cómpre salientar que neles o pronome *min* aparece case sempre inserido en construcións coordinativas.

Así as cousas, o pronome *min* goza dunha alta representación nos documentos transcritos de Johán Rodríguez e, en moitos casos, asume os valores de suxeito. Aínda que tamén se rexistra naqueles casos en que é esperábel (coas preposicións *a* e *por*), destaca o seu uso en dúas fórmulas: nas enumeracións dos participantes no acto que se testemuña e mais acompañado do adxectivo *presente*, para indicar que os feitos se produciron perante o notario. Para unha mellor visualización das súas aparicións, véxase a táboa 5.

A súa manifestación nos textos quizais estea relacionada coa forza analóxica doutras frases empregadas para expresar o mesmo, mais co pronome *min* despois da preposición *de*, como *en presença de min* ou incluso *en minna presença*, en que se utiliza o posesivo. Non parece casual que o seu emprego se vexa case restrinxido a estes lugares do texto[24] e estes indicios poden apuntar cara a modelos preestabelecidos para a confección dos documentos notariais. É máis, nun cumprimento de testamento do 14 de xaneiro de 1453, do *Tombo do Hospital dos Pobres de Tui* (Maure Rivas 2006: 44) rexístrase un "presente **mjn** notario", tamén nun contexto de enumeración de intervenientes. Igualmente, nunha

[24] Nótese que o pronome *min* practicamente, agás excepcións, se atopa sempre no mesmo número de liña dos textos.

transcrición de Iglesias Almeida (1988: 97) dun texto do notario tudense Fernán Gonçalvez, do 3 de febreiro de 1450, tamén se rexistra "presente **min** fernan gonzales". E, coas cautelas que cómpre ter nun período posterior á imposición do castelán como lingua escrita e mais á chegada de escribáns e outros cargos de fóra de Galicia, nun documento do notario Juan Sánchez Falcón, outorgado en Tui o 16 de novembro de 1636, volve aparecer "presente **my** escribano publico y testigos" (Iglesias Almeida 2006: 130).

| Contexto | Número de ocorrencias |
|---|---|
| *A min*<br>*Por min* | 1 (EGPAdoc-0120, f 1r, 25)<br>1 (EGPAdoc-0120, f 1r, 7) |
| *En minna presença*[25] | 1 (EGPAdoc-0120, f 1v, 8) |
| *En presença de min* | 3 (EGPAdoc-0120, f 1r, 6; EGPAdoc-0125, f 1r, 6; EGPAdoc-0125, f 1v, 5) |
| Enumeración[26]<br><br><br><br><br>*Presente min* | 7 (EGPAdoc-0121, f 1r, 4; EGPAdoc-0122, f 1r, 6; EGPAdoc-0123, f 1r, 6; EGPAdoc-0124, f 1r, 14; EGPAdoc-0126, f 1r, 6; EGPAdoc-0127, f 1r, 6; EGPAdoc-0129, f 1r, 6)<br>6 (EGPAdoc-0122, f 1v, 6; EGPAdoc-0123, f 1v, 6; EGPAdoc-0124, f 1r, 6; EGPAdoc-0128, f 1r, 4; EGPAdoc-0131, f 1r, 6; EGPAdoc-0132, f 1r, 8) |

**Táboa 5.** Número de ocorrencias do pronome *min* segundo o contexto en que se atopa

### 3.2. O pronome persoal *elo*

Explica Ferreiro (1995: 243) que "dos pronomes que no latín se utilizaban para a terceira persoa (IS, ILLE, HIC, ISTE)" foi ILLE o que conseguiu continuar como "forma demostrativa de onde tamén procede o artigo e o demostrativo de terceira persoa", co reforzo romance de *ACCU polo desgaste fonético, ademais de ser o pronome persoal tónico de terceira persoa. Deste paradigma, o neutro ĬLLŬD deu na forma medieval *elo* que "non sobreviveu en galego moderno, substituída polas formas invariábeis do demostrativo (*isto*, *iso*,

[25] Engádese esta fórmula aínda que non ten o pronome *min* porque, en si mesma, tamén fai referencia á mesma realidade e pode gardar algunha relación cos valores de suxeito do devandito pronome.
[26] Por exemplo, "Gomez Nunez, [...] Afonso Dominguez, [...] fazentes cabidoo, avido deligente trautado sobre esto que se segue, **min**, Johan Rodriguez, notario publico jurado da cidade e do bispado de Tui e das testemoias adeante escritas" (EGPAdoc-0121, f 1r, 4).

*aquilo*), aínda que na lingua moderna se utiliza esporadicamente este arcaísmo". Ares Vázquez (1991: 52) afirma que "as formas de 3ª persoa singular e plural (P3 e P6), a diferencia das anteriores [1ª e 2ª], presentan variación de xénero" e advirte que "mesmo documentámo-la forma neutra *elo* aínda que non coa función de suxeito". Ramón Lorenzo (1977, *apud* DDGM) sitúa a caída do seu uso no século XVI e cita algúns exemplos como Johán Soárez Coelho ("cata capelo / que ponhas sobr'elo" (V 1025, v. 5)) e a *Geral Estoria* ("por ello" (8.14)).

Rosario Álvarez (2001: 5-7) advirte tamén a existencia do pronome *el*, que se emprega cando non hai a posibilidade de estabelecer unha relación de xénero ou número co núcleo da frase nominal substituída e que, polo tanto, "funciona como forma autónoma 'neutra' do pronome persoal", é dicir, "como forma extensiva, membro non marcado nas oposicións de xénero e número". Por iso mesmo, apunta que "é evidente a relación co antigo pronome autónomo *elo*", mais matiza que "debe terse en conta que na lingua antiga xa existía *el* invariable como forma en certo modo complementaria de *elo*".

Noutro artigo, a mesma autora (Álvarez 2006: 1-10) rexeita a existencia do xénero neutro en galego e subliña que *elo*, unha forma invariábel e sempre singular, debe entenderse como un pronome de xénero masculino. Ademais, conclúe que "a súa existencia é máis patente a partir de mediados do s. XIV e de maneira particular no s. XV" e que "non hai unha distribución diatópica". Secasí, advirte que en practicamente ningún dos documentos de Clarinda Maia (1986), Portela Silva (1976), Pallares e Portela (1971) e Maure Rivas (1999) en que se usa *elo*/*ello* se rexistra *isto*, agás contadas excepcións. Esta distribución tamén se dá nos documentos editados neste traballo. Con respecto ao galego medio, remarca as dificultades de balizar a súa desaparición, debido ao influxo castelán. Aclara que "non é doado distinguir se baixo *ello* se agocha a gramática da forma galega ou xa directamente a forma española". Os usos dialectais actuais interprétaos como castelanismo ou como arcaísmo.

Así pois, explica que "non funciona sen preposición e por tanto non pode ser Sux. nin Atr." e "con frecuencia *elo* ocorre en expresións estereotipadas, que se repiten nos documentos como parte do aparato formulario deste estilo lingüístico" (Álvarez 2004: 10-11). Desta maneira, nos documentos de Johán Rodríguez (en que o seu emprego, aínda que non é moi numeroso, si que é representativo) *elo* sempre aparece subordinado a unha preposición (*a*, *con*, *de*, *en*, *para*, *sobre*) e, máis concretamente, na mesma liña ca *min*, en fórmulas xa prefixadas para a produción notarial: *obligando seus bẽes* ***a elo***, *frontando*

***con elo***, ***sobr'elo*** *demandasse*, *[obrigaçon de seus bẽes que]* ***para elo*** *obrigou* e *consentia* ***en elo***. Para unha mellor análise dos datos, véxase a táboa 6.

| Contexto | Número de ocorrencias |
|---|---|
| *obligando seus bẽes* ***a elo*** | 2 (EGPAdoc-0122, f 1v, 27; EGPAdoc-0123, f 1r, 32) |
| *frontando* ***con elo*** | 4 (EGPAdoc-0125, f 1r, 38; EGPAdoc-0129, f 1v, 8; EGPAdoc-0131, f 1r, 28; EGPAdoc-0132, f 1v, 20) |
| *quite* ***delo*** | 1 (EGPAdoc-0131, f 1r, 13) |
| *consentia* ***en elo*** | 1 (EGPAdoc-0131, f 1v, 2) |
| *[obrigaçon de seus bẽes que]* ***para elo*** *obrigou* | 3 (EGPAdoc-0129, f 1v, 13; EGPAdoc-0131, f 1v, 1; EGPAdoc-0132, f 1v, 25[27]) |
| ***sobr'elo*** *demandasse* | 4 (EGPAdoc-0124, f 1r, 28; EGPAdoc-0129, f 1v, 18; EGPAdoc-0131, f 1r, 32; EGPAdoc-0132, f 1v, 24) |

**Táboa 6.** Ocorrencias do pronome *elo* na documentación estudada.

### 3.3. O pronome demostrativo

Na etapa latina, o sistema de demostrativos era "máis amplo e complexo do que os diversos sistemas románicos". Estaba conformado por tres paradigmas (HIC-HAEC-HOC para a primeira persoa; ISTE-ISTA-ISTUD, para a segunda; e ILLE-ILLA-ILLUD, para a terceira)". Amais destes, IS-EA-ID realizaba as funcións de demostrativo anafórico e IDEM-EADEM-IDEM e IPSE-IPSA-IPSUM, de identidade (Ferreiro 1995: 256).

Posteriormente, xa en galego, aínda que se mantén un sistema trimembre, "reorganízanse as formas e redistribúense as funcións" e simplifícase a serie da terceira persoa latina, de modo que "a posición espacio-temporal dun determinado obxecto [se refire] en relación ás tres persoas gramaticais". ISTE-ISTA-ISTUD, que tiña antes os valores de segunda persoa, asume os valores de primeira. ILLE-ILLA-ILLUD toma os de terceira, aínda que co reforzo *ACCU (resultado da influencia AC e ATQUE na forma clásica era ĔCCUM). Para o caso do demostrativo de segunda persoa, foi o pronome de identidade IPSE-IPSA-IPSUM quen adquiriu tales valores (Ferreiro 1995: 256). A adición deste reforzo débese ao "desgaste a que está sometida esta forma [o pronome ILLE] por dar lugar tamén ao artigo e ao pronome persoal de terceira persoa (suxeito e CD)". Aínda que callou na terceira persoa, tamén se

[27] No documento non se pode ler a preposición debido ao seu mal estado de conservación, mais intúese polo contexto.

rexistran formas reforzadas no caso das primeira e segunda persoas (Ferreiro 1995: 256-257). A continuación, inclúese un breve esquema evolutivo:

ISTE, ISTA, ISTUD> med. *este, esta, esto*
IPSE, IPSA, IPSUD> med. *esse, essa, esso*
*ACCU-ILLE, *ACCU-ILLA, *ACCU-ILLUD> med. *aquel(e), aquela, aquelo*
*ACCU-ISTE, *ACCU-ISTA, *ACCU-ISTUD> med. *aqueste, aquesta, aquesto*
*ACCU-IPSE, *ACCU-IPSA, *ACCU-IPSUM> med. *aquesse, aquessa, aquesso*

Así as cousas, é necesario subliñar o posterior nacemento das formas invariábeis hipercaracterizadas *isto, isso* e *aquilo*, que "aparecen só moi esporadicamente na lírica trovadoresca [...] e nas *Cantigas de Santa María*, documentándose cada vez con maior frecuencia na prosa segundo avanzamos no tempo", aínda que dende "o *Foro Real* de Afonso X [...] documéntanse as formas *isto* e *ysto*, *isso* e *ysso* e mais *aquilho*, *aquillo* e *aquilo*, a carón das formas etimolóxicas, aínda maioritarias" (Ferreiro 1995: 257).

A actual subárea do Miño, dentro do mapa diatópico do galego estabelecido por Fernández Rei (1990: 108), e máis concretamente a microsubárea da Louriña (*C-2c'*), en que se atopa a cidade de Tui, caracterízase pola presenza dun paradigma de demostrativos con "hipercaracterización mórfica nas formas neutras (vocal radical *i* e terminación en *-o*)", ao igual que o resto do centro e sur de Pontevedra (*lato sensu*, o territorio que hoxe abrangue a diocese de Tui-Vigo) e mais "o extremo nordeste da Coruña" e "en Lobios, na Limia Baixa" (Fernández Rei 1990: 70-73). Na figura 5 trázase a isoglosa que marca a presenza do pronome demostrativo hipercaracterizado *isto*.




**Figura 5.** Distribución das formas invariábeis dos demostrativos (Fernández Rei 1990: 72).

Maia (1986: 689) explica que "na Galiza medieval existiram também alguns focos de formas pronominais de demostrativo com *i* na sílaba tónica", froito da "metafonia exercida por [-u]". Concretamente, sinala que "a única área que se apresenta relativamente compacta situa-se na província de Pontevedra", xa que "em muitos documentos dessa província correspondentes aos séculos XIII e XIV há numerosos exemplos de *ifto*, por vezes, convivendo no mesmo documento con *efto*", ademais de *aquifto* e *aquilo*. Exceptuando esa área, contabiliza soamente catro testemuños nas provincias da Coruña e de Lugo. Coa finalidade de analizar evidencias deste cambio lingüístico nos protocolos de Johán Rodríguez, fíxose unha pormenorizada busca de todos os rexistros do pronome demostrativo nos textos. Unha vez recollidos todos eles, concluíuse que non se encontran testemuños de *isto, iso* ou *aquilo*. Porén, como apunta Maia, na zona tudense as anteriores conviviron coas formas *esto, eso* e *aquelo*, polo que non se descarta que os demostrativos hipercaracterizados poidan aparecer noutros documentos dos protocolos de Johán Rodríguez. Deseguido, amósanse os resultados das buscas realizadas na táboa 7.

| **Pronome demostrativo** | **Número de ocorrencias** |
|---|---|
| Este | 26 (EGPAdoc-0120, f 1r, 27, f 1v, 27; EGPAdoc-0121, f 1v, 4, 14; EGPAdoc-0122, f 1v, 5, 30; EGPAdoc-0123, f 1r, 14, 26, 35; EGPAdoc-0124, f 1r, 14, 31, 34, 38; EGPAdoc-0125, f 1v, 1, 8; EGPAdoc-0126, f 1r, 19, f 1v, 8, 10, 12; EGPAdoc-0127, f 1r, 33; EGPAdoc-0129, f 1v, 10, 15, 21; EGPAdoc-0131, f 1r, 9, 29, f 1v, 6). |
| Esta | 2 (EGPAdoc-0125, f 1r, 8; EGPAdoc-0127, f 1r, 21). |
| Estes | 1 (EGPAdoc-0125, f 1r, 20). |
| Estas | Non hai rexistros |
| Esto | 44 (EGPAdoc-0120, f 1r, 23, 25, 27, f 1v, 5, 7, 23, 27; EGPAdoc-0121, f 1r, 4, f 1v, 13; EGPAdoc-0122, f 1r, 6, 15, f 1v, 27, 29; EGPAdoc-0123, f 1r, 6, 32, 34; |

| | |
|---|---|
| | EGPAdoc-0124, f 1r, 6, 12, 34, 35, 37; EGPAdoc-0125, f 1r, 33, f 1v, 5, 6, 8; EGPAdoc-0126, f 1r, 6, 17, f 1v, 10, 12; EGPAdoc-0127, f 1r, 16, 17, 29, 30, 32; EGPAdoc-0128, f 1r, 6, 11, 12; EGPAdoc-0129, f 1v, 18, 21; EGPAdoc-0131, f 1v, 2, 3, 6; EGPAdoc-0132, f 1r, 26, 30). |
| Ese, esa, eses, esas, eso | Non hai rexistros |
| Aquel, aquela | Non hai rexistros |
| Aqueles | 6 (EGPAdoc-0121, f 1r, 8; EGPAdoc-0122, f 1v, 9; EGPAdoc-0125, f 1r, 26; EGPAdoc-0126, f 1v, 7; EGPAdoc-0131, f 1r, 19; EGPAdoc-0132, f 1v, 9). |
| Aquelas | 1 (EGPAdoc-0129, f 1r, 11). |
| Aquelo[28] | 2 (EGPAdoc-0123, f 1r, 21; EGPAdoc-0129, f 1v, 1). |

**Táboa 7.** Ocorrencias do pronome demostrativo nos documentos estudados.

### 3.4. Interpolación das unidades sintácticas

Sánchez Rei (1999: 57-58) define a interpolación como "a intercalación dunha ou máis palabras entre a forma pronominal precedente e o verbo das cais unha, polo menos, debe ser tónica", sempre e cando "o clítico teña de ir obrigatoriamente colocado antes do núcleo verbal". Afirma que se trata "dunha construción moi tradicional, abondosamente documentada na Idade Media en calquera tipo de níveis escritos, xa se tratasen de prosa, verso ou documentos notariais" e que "chegou, no galego e no portugués, á lingua contemporánea", mais con certos matices.

No que atinxe á prosa documental, advirte que os testemuños máis antigos, datados no século XIII, "proporcionan exemplificacións do fenómeno cunha artificiosidade e rendibilidade similares en termos xerais ás da prosa culta" e recalca que non proliferan

[28] En ambos os dous casos aparece abreviada a secuencia <ue>, polo que nos criterios de transcrición optouse por esta forma, en coherencia co resto de formas.

“en exceso o número de elementos que se insiren entre o clítico e o verbo”. Porén, chama a atención sobre a posterior evolución ata chegar ao século XIV, en que se poden rexistrar construcións minoritarias “con formas tónicas alí inseridas, de dubidoso apoio na lingua falada, [que] semellan ser unha estruturación que só vigorou na práctica escrita desta tipoloxía de legalidade gráfica”. El entende, aínda sendo consciente das limitacións da súa hipótese, impostas polo factor cronolóxico, que os casos máis complexos de interpolacións se deberon á influencia da tradición escrita do latín (Sánchez Rei 1999: 103).

É máis, tamén pon de relevo que “os documentos notariais, coas súas fórmulas fixas, os seus adustos recursos expresivos e estilísticos, os seus escribas de desigual (in)formación filolóxica” non os considera “fonte fidedigna para nos achegarmos coa exactitude necesaria aos hábitos orais da época” (Sánchez Rei 1999: 103-104). Ora ben, tras un estudo das variedades diatópicas do galego actual, o mesmo autor traza tres grandes áreas, como pode verse na figura 6, segundo a maior ou menor presenza de interpolacións. Tui sitúase naquela zona -que abrangue, en liñas xerais, o sur da provincia pontevedresa e mais a Baixa Limia- en que se documenta o recurso con maior facilidade (Sánchez Rei 1999: 215-216).



**Figura 6.** Mapa en que as zonas cun raiado máis próximo entre si se corresponden coas áreas en que se documenta o recurso con maior facilidade (Sánchez Rei 1999: 216).

Sánchez Rei (1999: 104-113) estabelece unha serie de tipoloxías de condicionantes da posición preverbal, é dicir, sinala cales son “as formas [que] rexían a posición preverbal do clítico na lingua antiga”. A primeira que sinala, “cuxa rendibilidade nestas funcións é con moito a principal”, son as locucións ou as conxuncións subordinantes. Este o caso de dous exemplos que se encontran nos textos transcritos: “era contiudo en na dita carta de doaçon, que lle a dita Costança Perez fezera” (EGPAdoc-0122, f 1r, 15-16) e “o dito

cabidoo recebeu en si a dita renunciaçon e demitimento das ditas casas, segundo que llas a dita Elvira Gonçalvez dava" (EGPAdoc-0122, f 1v, 3-4). En ambos os dous é a conxunción completiva *que* a encargada de rexer esta orde sintáctica. Pola outra banda, tamén estuda os elementos que fican inseridos entre o pronome e mais o verbo, que segundo el son de máis difícil clasificación. Deste xeito, determina cales son as función sintácticas que adoitan ocupar este lugar, cun peso preferente para o complemento circunstancial e mais para o suxeito. Este último é o que se pode observar nos sobreditos exemplos tomados dos textos.

# IV. Criterios de edición

Estes criterios de edición seguen en boa parte aqueles estabelecidos en 2006 no *Coloquio da Illa de San Simón* (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007) e mais aqueloutros empregados en *Universo Cantigas* (Ferreiro *et al.* 2018). Naqueles puntos en que haxa diverxencias, tanto adicións como supresións, estas serán indicadas en nota a rodapé. En liñas xerais, búscase unha regularización gráfica que só se absteña de intervir nos usos que teñan implicacións fonolóxicas ou culturais, como poden ser aquelas que revelan contactos co mundo alén Miño (<nh>, <th>...).. Por tanto, esta edición interpretativa concíbese como unha fonte á que poidan acudir aqueles que desenvolvan investigacións históricas ou investigacións lingüísticas non ligadas á grafemática nin á fonoloxía. Aquelas persoas interesadas nun estudo máis apegado ao texto e ás súas grafías e abreviaturas deben acudir á transcrición semipaleográfica.

## 4.1. Regularización de grafías

### 4.1.1. Regularización, nivelación e redistribución de grafías

a) vocálicas:

<u, v> /u/ > *u* (*qve* > *que, vn* > *un*)

<i, y, j> /i/ > *i* (*Tuy* > *Tui, alfayate* > *alfaiate, Mjnnor* > *Minnor*)[29]

[29] Dadas as súas implicacións culturais, non se intervén na grafía <h>, para representar a vogal /i/, en *thudos* (EGPAdoc-0120, f 1v, 13; EGPAdoc-0123, f 1r, 29). Aquí divérxese coas propostas anteriores (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 13; Ferreiro *et al.* 2018). Maure Rivas (2006: 201-207) detecta tamén algunhas mostras residuais dos dígrafos <nh>, <lh> e <th> no *Tombo do Hospital dos Pobres de Tui* (1436-1490).

b) consonánticas:

<u, v> /ß/~/v/ > *v* (*aniuersarias* > *aniversarias*)[30]

<i, y, j, Jh[31]> /ʒ/ > *j* ~ *g* (*igleia* > *igleja*, *Jhesu* > *Jesu*)

#### 4.1.2. Regularización das grafías das consoantes palatais lateral /ʎ/ e nasal /ɲ/ en <ll, nn>[32] (*vela* > *vella*; *pardineyro* > *pardinneyro*)

#### 4.1.3. Redistribución no uso de <s/ss, c/ç, z, g/j> conforme os padróns habituais (*Afonsso* > *Afonso, Pesegeyro* > *Pessegueiro, desperescan* > *despereçan*)

a) conservación de <ç> inicial etimolóxico ou outras grafías que corresponden a usos históricos, aínda que non modernos (*çapateiro*).

b) mantemento dos usos dubidosos, canto á etimoloxía ou pronuncia, no ámbito das sibilantes (*mezquinho/mesquinho*, *cĩisa/cĩiza*)[33].

#### 4.1.4. Nivelación das grafías <gu/g> /g/ (*Rodrigez* > *Rodriguez*), <g/j> /ʒ/ (*ango* > *anjo*) e <r/rr/ir> /ɾ/ ou /r/ (*Ferrnandez* > *Fernandez*), mais conservando as vacilacións fonéticas significativas [g/gw] (*gualardon*/*galardon, guardar*/*gardar...*).

#### 4.1.5. Nivelación e redistribución de <h> /ø/ inicial e medial

a) Eliminación de <h-> inicial non etimolóxico (*hu* > *u*, *hũa* > *ũa; he* > *e*).

b) Mantemento de <h> etimolóxico, mesmo intervocálico[34] (*Johan*).

c) Restauración de <h-> inicial etimolóxico[35] (*avudo* > *havudo*).

d) Acomodación gráfica de <nen hun, nenhun...> a *nen un*.

---

[30] Debido á relevancia fonolóxica que poidan ter, mantéñense aqueles casos en que se empregan grafías <b> cando cabería esperar <v>, e viceversa, tales como *bida* (EGPAdoc-0124, f 1r, 19), *bila* (EGPAdoc-0127, f 1r, 5), *biuos* (EGPAdoc-0120, f 1v, 11), *boontade* (EGPAdoc-0120, f 1v, 19), *boz* (EGPAdoc-0120, f 1v, 11; EGPAdoc-0127, f 1r, 29), *bozes* (EGPAdoc-0120, f 1v, 21) ou *Vaya* (EGPAdoc-0125, f 1r, 9 e 33; EGPAdoc-0127, f 1r, 24).

[31] Inclúese aquí tamén a grafía <Jh>, ausente nas normas de edición das que partimos.

[32] Ao igual que acontece coa grafía <h> para a vogal /i/, pola súa relevancia cultural, non se intervén o emprego do dígrafo <nh> para a palatal nasal /ɲ/ en *Minhotos* (EGPAdoc-0129, 13, 16). As sobreditas propostas non recollen unha solución para a prosa notarial (soamente para a poesía trobadoresca profana e relixiosa). Óptase pola regularización en <nn> e <ll> por seren os dígrafos máis empregados no corpus.

[33] Prescíndese aquí do apartado *c* que se recolle en Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña (2007: 13), por ser de uso privativo da lírica: "recoméndase a conservación gráfica da correspondente consoante final (despois da elisión vocálica) nos encontros con vocábulo iniciado por vogal".

[34] Aquí difiro das outras dúas normas (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 14; Ferreiro *et al.* 2018), que avogan pola eliminación da grafía <h> intervocálica etimolóxica.

[35] Optouse por este criterio de entre as dúas posibilidades que ofrecen as normas de edición do *Coloquio da Illa de San Simón* (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 14). En *Universo Cantigas* (Ferreiro *et al.* 2018) optouse polo outro: eliminación de <h-> inicial, mesmo que sexa etimolóxico.

## 4.2. Simplificación e regularización actualizadora

a) das consoantes xeminadas gráficas en calquera posición (<ff-, -ff-, -cc-, -ll-, rr-, ss-, -tt-> etc.), excepto <-ss-> /s/ e <-rr-> /r/ en posición intervocálica, isto é, sempre que a xeminación non teña implicacións fonolóxicas (*Ffernadez > Fernandez, Reimillo > Reimilo*[36]). Naqueles casos en que poida existir unha dúbida fundada sobre a correcta lectura dunha palabra, optarase por non intervir e deixar constancia deste feito[37].

b) das consoantes e grupos consonánticos latinizantes[38], fonoloxicamente irrelevantes (*et > e, dicto > dito, sancta > santa, Stevoo > Estevoo*)[39]; inclúese tamén o signo tironiano, que se edita sempre como *e*[40].

c) das secuencias gráficas distorsionadoras <th; qu, ch; ph...> /t, k, f/ (*arquo > arco, branquas > brancas* (mais *quando*/*cando*)*, arçhidiago > arcidiago, thesoureyro > tesoureiro*)[41].

d) dos grupos gráficos pseudolatinos non etimolóxicos (*kallendas > kalendas*)[42].

[36] Para este microtopónimo, óptase pola solución *Reimilo* (no canto de *Reimillo*) en base a outros textos coetáneos de notarios de Tui, principalmente de Lourenço Rodríguez e Vasco Pardo, consultados mediante as transcricións de Sánchez Carrera (1997: 315, 326), que recollen formas coma *Rey Miro*, que invitan á anterior lectura. Segundo Iglesias Almeida (2005b: 49) correspóndese coa actual fonte de San Domingos, que "en la documentación medieval figura con el nombre de *Reimiro*, siendo reedificada por la ciudad en el año 1718".

[37] Introdúcense as aclaracións e mais as cautelas respecto de palabras de difícil lectura.

[38] Inclúense aquí tamén aquelas consoantes e aqueles grupos consonánticos, sobre todo empregados nas abreviaturas, que son reminiscencias do grego (*xp<crist>o > Christo*).

[39] Mantéñense outras formas como *subcedera* (EGPAdoc-0123, 14 e 15; EGPAdoc-0124, 15; EGPAdoc-0125, 14; EGPAdoc-0131, 10), *subcedia* (EGPAdoc-0126, 19), *subcesores* (EGPAdoc-0122, 3) e *subficiente* (EGPAdoc-0120, 11), e a propia preposición *sub*, pola relevancia fonolóxica do tratamento dado á representación da consoante oclusiva situada na coda silábica.

[40] Inclúese esta matización sobre o signo tironiano, non comprendida nos criterios de referencia (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 14; Ferreiro *et al.* 2018).

[41] A pesar de que non adoita encontrarse plenamente desenvolvido, optouse pola solución do ditongo [wa] e [wo] despois de oclusiva velar na transcrición semipaleográfica, cando se atopaba abreviado. A grafía <q> invita a empregar <ua>, segundo o *usus scribendi* do notariado do Baixo Miño do século XV (*qual, quantos, quatorse, quatroçentos*) (Sánchez Carrera 1997: 305-407). Así pois, conservarase na edición crítica. Porén, nalgúns casos como *açerqua* e *arquo*, o seu emprego debe ser entendido por hipercorrección. Polo tanto, estas serán obxecto de intervención (vid.: I.6.c). Cómpre recordar que en ambos os dous casos, etimolóxico e non etimolóxico, xa non se trata dun "intento de reproducir fielmente resultados con mantemento do amentado segmento labial" senón que se debe ao "apego á tradición gráfica herdada do latín" (Mariño Paz 2017: 387).

[42] O criterio das normas que serven de base (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 14; Ferreiro *et al.* 2018) sobre o desenvolvemento da abreviatura <-9> recóllese nos criterios de transcrición semipaleográfica.

e) daqueles apelidos abreviados mediante fórmulas alatinadas (*Mjg<e>ll<e>s* > *Migueez*, P<e>ll<ae>s > *Paaz*)[43].

### 4.3. Tratamento dos hiatos

a) Mantemento dos hiatos etimolóxicos: *Cabidoo*, *Estevoo*, *Vaasco*[44].

b) Por conseguinte, supresión dos hiatos non etimolóxicos: *Postigoo* > *Postigo*[45].

c) Simplificación das esporádicas xeminacións vocálicas de carácter estritamente gráfico, que se detectan fundamentalmente nas secuencias [-ao] e [-ão] (*yrmãaos* > *irmãos*).

### 4.4. Representación das consoantes nasais e da nasalidade

1. Vogais nasais:

a) Mantemento do til de nasalidade nas vogais fonoloxicamente nasais. De ser necesario, desprazarase dende a vogal anterior ou posterior e limitarase á vogal nasal cando o til abranga dúas (ou máis) vogais (*mãos, bẽes, Gulãas, Chẽelo*). Seguirase tamén este criterio con aquelas palabras que, aínda non tendo un til de nasalidade explícito, levan plicas con valor indubidabelmente nasal. Estas plicas serán, pois, substituídas polo til de nasalidade[46].

b) Transformación de <n> intervocálico indicador de nasalidade no correspondente til (*bona* > *bõa, poner* > *põer*)[47].

---

[43] Inclúese este subapartado non contido nas normas sobreditas. Ramón Lorenzo (2004: 456) xa advirte da necesidade de intervir nos "apelidos *Miguez, Pais* ou *Vázquez* (...) cando están abreviados (...) con abreviaturas alatinadas, polo tanto, desaxustadas, que debemos resolver segundo lle corresponda en romance pondo as letras engadidas en itálico". Porén, existindo exemplos plenamente desenvolvidos nos textos estudados (*Mjgẽes*, EGPAdoc-0126, 2; *Pááz*, EGPAdoc-0125, 8), optouse por editalos segundo estes testemuños.
Porén, non se intervirá en palabras que adoitan estar abreviadas (eminentemente, o caso de *canonicos*) cando existan testemuños por extenso nos textos estudados (neste exemplo, *canonjcos* aparece no EGPAdoc-0127r, 31).

[44] Prescíndese do punto "mantemento dos hiatos vocálicos gráficos, aínda que a métrica indique pronuncia unisilábica [...], o mesmo que na desinencia da P3 de pretérito dos verbos da segunda e terceira conxugación" (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 15; Ferreiro *et al.* 2018), por ser pertinente soamente na lírica.

[45] Engádese este punto, non incluído explicitamente nos criterios de referencia.

[46] Inclúese esta puntualización sobre as plicas con valor nasal, non recollida nos criterios anteriormente mencionados.

[47] Omítese a recomendación de "manter as formas propositadamente arcaizantes propias das cantigas de amigo: *irmana*, *louçana*, *sano*, *pino*, *amena*, *arena* etc.", por ser irrelevante para o noso traballo de edición.

c) Reconversión da consoante nasal implosiva gráfica indicadora de nasalidade fonolóxica para o correspondente til de nasalidade (*doando* > *dõado, unha* > *ũa*), mais conservación do til de nasalidade naqueles casos en que[48] a resonancia nasal en posición interior de palabra se resolveu de dúas maneiras diferentes: con completa desnasalización (*vĩides* > *vides*) ou con xeración de consoante nasal na coda silábica (*vĩides* > *vindes*)[49].

d) Conservación do estado de lingua no relativo ao proceso de desnasalización vocálica, que provoca a coexistencia de formas con indicación de resonancia nasal e con indicación explícita de consoante nasal posnuclear, ás veces convivindo no corpo dun mesmo texto (*campãa* / *campaan*, por exemplo).

2. Consoantes nasais:

a) Igualación de grafías <n> e <m>: antes de <p> ou <b>, utilizarase <m> (*tenpo* > *tempo, nenbrar* > *nembrar*), incluso cando soamente estea representado por un til de nasalidade no documento[50]; consecuentemente, intervirase no <-m> final e mais nos esporádicos <m> implosivos interiores cambiándoos para <n> (*dom* > *don, derom* > *deron*)[51].

b) Desenvolvemento da consoante nasal indicada con til nalgunhas formas aglutinadas e asimiladas do artigo (*ẽno* > *en no, cõno* > *con no*).

## 4.5. Aglutinación/deglutinación de elementos lexicais

1. Separación e unión de palabras, segundo o criterio actual (*a a* > *aa, a deante* > *adeante, endeante* > *en deante, ja mais* > *jamais, sobre dito* > *sobredito*)[52].

[48] Suprímese a precisión "modernamente" dos criterios de referencia, xa que este proceso xa se desenvolveu ao longo da Idade Media (Mariño Paz 2014: 258).
[49] Engádese unha nova redacción, con respecto a Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña (2007: 16) e mais Ferreiro *et al.* (2018), coa finalidade de esclarecer unha posíbel ambigüidade.
[50] Cómpre recordar que na transcrición semipaleográfica optouse pola solución <n> para desenvolver o til de nasalidade, indiscriminadamente, incluso diante de <b> e <p>. Aclárase, pois, que será obxecto da edición crítica a nivelación destes últimos casos en <m>. Estas aclaracións non se inclúen nas normas de referencia (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 16; Ferreiro *et al.* 2018).
[51] Suprímese o criterio referente ao "desenvolvemento do til de nasalidade en <n> cando corresponde a unha abreviatura de consoante nasal, tanto en posición interior como final de palabra (*quãdo* > *quando*, *cõ* > *con*)", por ser competencia da transcrición semipaleográfica neste estudo.
[52] Prescíndese das indicacións de manter "certos usos específicos da lingua antiga (*toda via, por én, des i*...)", xa que non se encontrou ningún nos textos.

2. Conservadorismo na unión gráfica de elementos modernamente aglutinados: *con migo* (vs. *comigo, contigo, convosco*), *des oimais...* Outrosí, distinción de pares significativos do tipo *demais* vs. *de máis, enquanto* vs. *en quanto, porque* vs. *por que, senon* vs. *se non...*[53]

### 4.6. Sinais tipográficos

1. Apóstrofo:

   a) Na elisión da vogal final nas crases por fonética sintáctica (*d'Elvira*)

   b) Nas crases da preposición *de* cos indefinidos, cos adverbios *aqui* e *ali* e coa forma *el* do artigo -incluída a forma do artigo castelanizada *el*[54]- (*d'un, d'outro, d'algun, d'algo; d'aqui, d'ali, d'el*), mais omisión da indicación de crase nos encontros da preposición *de* co artigo *o(s), a(s),* cos demostrativos e cos pronomes persoais *el(e), ela, elo: do, deste, del(e)...* Outrosí, non se utiliza apóstrofo nas formas pronominais contractas do tipo *mo, to ~ cho, lho*[55].

2. Trazo:

   a) Na forma asimilada do artigo despois de *-r* e *-s* (*todo-los*), mesmo cando se rexistra no orixinal a integridade gráfica do primeiro elemento (*todas-las*). A aglutinación *polo/pelo* mantense ligada graficamente, e tamén cando apareceren grafías conservadoras (*porlo*)[56].

   b) Na unión dos pronomes enclíticos e mesoclíticos á forma verbal correspondente (*façamo-lo*), así como noutras aglutinacións pronominais, algunhas frecuentes e mesmo monosilábicas (*mi-o, mi-a; vo-lo...*).

   c) No encontro da preposición *por* co pronome *o(s), a(s)* (*fora po-lo dizer eu*)[57].

[53] Estas últimas distincións só as recollen Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña (2007: 16).
[54] Engádese esta alusión á forma castelanizada do artigo *el*.
[55] Elúdese o criterio das normas de Ferreiro *et al.* (2018) sobre o encontro do adverbio *non* co pronome *me*, por non haber casos nos textos estudados, ademais do criterio sobre "aqueles casos en que a preposición *de* contrae co artigo e pronome *o(s)*, *a(s)* ou coa preposición *a*".
[56] Elimínase a epígrafe referente á "forma do artigo *el* co substantivo *Rei*" das normas de referencia (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 17; Ferreiro *et al.* 2018), por non haber casos nos textos estudados.
[57] Prescíndese das indicacións sobre a "partícula intensificador-perfectiva *per-*", por non haber rexistros nos documentos transcritos.

d) Recoméndase o uso do trazo en certas aglutinacións pronominais de carácter indefinido do tipo *ja-que, ja-quanto, ja-u, qual-quer, que-quer, quen-quer, quis-quanto...*

## 4.7. Acentuación

a) Só se utiliza acentuación diacrítica: *á, dé, nós, vós, én, sén, éste, esté, é, dá, lá, mí, máis, seí, terrá, está, sérvia* (vs. *servia*), *ouví* (vs. *ouvi ~ ouve*)...; tamén se acentúan todas as P1, P2, P3 e P6 de futuro dos verbos (ou flexións) regulares e semirregulares

b) O acento grave é utilizado para indicar a crase *à(s).*

c) Utilízase o acento circunflexo cando as necesidades diacríticas esixiren un til diacrítico nunha vogal pechada

## 4.8. Outros aspectos

a.) Actualización do texto: maiúsculas e minúsculas[58], puntuación sobria para facilitar a comprensión e/ou interpretación do texto[59], incluídos os dous puntos e mais as aspas para introducir outro texto inserido dentro do propio documento (e tamén para as palabras citadas nos finais dos documentos para advertir da súa corrección polo notario), organización en parágrafos e supresión das indicacións referidas á intervención no texto por parte do escribán (tales como *sobrescrito*)[60].

b.) Corrección de *lapsus calami*, en que non haxa dúbidas de que se trata claramente dun erro. Secasí, indicarase en nota a rodapé a palabra substituída e unha xustificación da intervención (*entras* > *entradas*, EGPAdoc-0123, f 1r, 18; *se* > *seu*, EGPAdoc-0122, f 1r, 9; *sua* > *suas*, EGPAdoc-0120, f 1r, 28; *tolla* > *tella*, EGPAdoc-0122, f 1v, 11; *vandan* > *vendan*, EGPAdoc-0124, f 1r, 27; *obrigo*

[58] Neste aspecto, búscase o emprego unicamente das maiúsculas para os nomes propios. Así pois, aínda tendo maiúscula no texto, interviranse con minúscula os nomes comúns, como no caso de *Cabidoo* > *cabidoo*.

[59] En todo caso, a puntuación non suporá unha intervención na propia estrutura sintáctica do texto, a pesar de que esta sexa deficiente nalgúns casos. Así pois, como xa se indica, búscase soamente facilitar a súa comprensión global.

[60] Prescíndese dos "trazos de diálogo e/ou aspas", dos "signos de exclamación e interrogación", dos "colchetes para indicar acrecentamento de texto ausente" e "indicación tipográfica do refrán por medio de itálica", presentes nas normas de referencia (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007: 17-18; Ferreiro *et al.* 2018) e inclúese a referencia aos dous puntos e ás aspas, xunto coa organización en parágrafos e a supresión das indicacións da intervención do escribán.

> *obrigou*, EGPAdoc-0129, f 1v, 13). Porén, non se intervirá nas faltas de concordancia sintáctica entre varios compoñentes dunha mesma oración[61].

c.) Mantéñense os asteriscos entre parénteses para sinalar fragmentos en que non é posíbel a súa lectura polas condicións do propio soporte.

d.) Naqueles casos en que a lectura sexa dubidosa, empregaranse as plicas (< >) para deixar constancia desta circunstancia.

e.) Indicaranse entre chaves os inicios de folio (recto e verso) e de liña.

# V. Edicións interpretativas

## 5.1. EGPAdoc-0120

{f 1r} {1}[62] Sabean todos que, seendo juntados en no cabidoo da caustra da igleja de Tui por son de campãa tanjuda, segundo han de {2} seu costume, en seu lugar acostumado, Gomez Nunez, coongo e vigario en lugar de dean, vacante o daiadego, e presentes {3} con el en no dito cabidoo Afonso Dominguez, chantre, e Johan Migueez, arcidiago de Minnor, e Estevõo Suarez, tesoureiro, e Lopo Rodriguez, {4} arcidiago de Montes, Johan Fernandez, Fernan Perez, Rui Fernandez, Gonçalvo Rodriguez, Estevoo Lourenço, bacheler en decretos, Martin Moniz, e Gonçalvo {5} Eanes, Johan Estevez, Estevõo Dominguez, Alvaro Vaasquez e Gonçalvo Estevez, personas e coongos da dita igleja de Tui, e en presença {6} de min, Johan Rodriguez, notario publico jurado da dita cidade e bispado de Tui, e das testemoias adeante escritas, enton, paresceu i {7} Costança Afonso, dita Lobata, morador en na dita cidade de Tui.

E presentou perante o dito vigario e cabidoo e por min, dito notario, {8} leer fezo ũu estromento en purgameo de coiro firmado do nome e sinal de Vaasco Martis, notario que foi de Tui, da qual {9} o tenor atal é: "Sabean todos que, sub era de mil e quatrocentos e viinte anos, o primeiro dia do mes d'abril, en na cidade de {10} Tui, jazendo doente Afonso Gonçalvez, dito Lobato, vezinno da dita cidade, con seu siso e entendemento, disso et outorgou que fazia {11} por seu certo subficiente[63] procurador e mesageiro especial a Fernan Perez Perez, notario de Tui, seu primo, e deulle seu comprido poder

[61] Introdúcese esta epígrafe aclaratoria e as tres seguintes, non incluídas nas normas de referencia (Ferreiro, Martínez Pereiro e Tato Fontaíña 2007; Ferreiro *et al.* 2018).

[62] Nas marxes do documento pódese ler: [marxe superior: cast.: casa en *** y bienes en Malbas-] [marxe esquerda: cast.: Tuy y Malbas Aniversarias].

[63] Mantense *subficiente*, pola relevancia fonolóxica "tratamento dado á representación da consoante oclusiva situada na coda silábica" (véxase o criterio 4.2.b).

{12} que, por el e en seu nome, podesse ir ao daian e cabidoo da igleja de Tui e fazer con eles contrauto en esta maneira {13} que se adeante segue, conven a saber, que el mandava ao dito cabidoo a casa da praça da dita cidade que fora de seu {14} avoo, Pai Afonso, e que ora mora Gonçalvo Anes, alfaiate, a qual casa parte, da ũa parte, con a casa da capela que el dito Afonso {15} Gonçalvez ten, que é do dito cabidoo, e, da outra parte, con casa de Estevoo Dominguez do Pestigo e de máis que lle mandava todo-los {16} bẽes de reiz que el havia en no couto de Maloes e de Pessegeiro de seu patrimonio des-la Portela de Froian ata Santo Anton; {17} por esta condiçon que el leixava a dita casa e bẽes do dito couto a Costança Lobata, sua filla, e froitos e rendas en {18} sua vida que os tevesse ela e ũa voz apos ela, qual ela nomeasse a seu seimento e a seimento da postrumeira {19} voz, que a dita casa e bẽes sobreditos ficassem livres e quites e desembargados do dito cabidoo, para todo sempre {20} e que os ditos daian e cabidoo da dita igleja, despois que os ditos bẽes viessen a seu poder, lle fezessen cada {21} ũu ano ũu aniversario en na dita igleja de Tui para sempre, conven a saber, de todas oras e que lle dissessem ũa {22} missa cantada en no altar grande e fossen sobre ele cada ano acabada a dita missa con agua bieita e dissessen {23} ũu responso sobre el por sua alma e outorgou que todas-las cousas e cada ũa delas que sobre esto porlo dito {24} seu procurador fossem trautadas con os ditos dean e cabidoo que el as outorgava e havia por firmes e por estaveles {25} para en todo tempo. E desto mandou a min, Vaasco Martis, notario de Tui, fazer ende esta procuraçon, feita en Tui, era e {26} dia sobreditos. Testemoias que foron presentes: Afonso Fernandez, notario de Tui, Gonçalvo Rodriguez, notario de Redondela, e Pero de Varaas, {27} Gonçalvo Nunez, coongos da dita igleja de Tui, e outros".

Item, despois desto logo en este dia e era sobredito, {28} o dito Fernan Perez conmigo, dito notario, foi aa igleja catedral da dita cidade de Tui e fezo juntar en cabidoo en no {29} lugar acostumado daian, personas e coongos da dita igleja, conven a saber, don Giralde Anes, daian, Garcia Afonso, {30} arcidiago de Minnor, Apariço Perez, tesoureiro, Martin Barreiros, Pero Anes, Gonçalvo Nunez, Pero de Varãas, Rui Paaz, Estevõo {31} Dominguez do Pestigo, Salvador Fernandez, Estevoo Dominguez do Celeiro, Martin de Maceeira, Martin Afonso, Nicolao Eanes, Johan Gonçalves Cardel[64], {32} Fernan Martis, Lopo Fernandez, coongos da dita igleja de Tui, e eles todos juntados, o dito Fernan Perez,

[64] Aparece un home co mesmo nome nun documento do 2 de novembro de 1367, outorgado en Tui polo notario Nuno Gonçalvez: "Iohan gonzales cardel" (Portela Silva 1976: 426). Mais non é posíbel confirmar totalmente esta coincidencia, debido ao desfase cronolóxico entre o devandito texto e o que se está estudando aquí.

por poder da dita procuraçon, {33} disso e outorgou, en nome do dito Afonso Lobato, que el, pasadas as ditas vozes contiudas en na dita procuraçon, dava {34} e outorgava aos ditos dean e cabidoo da dita igleja de Tui a dita casa e bẽes que o dito Afonso Gonçalvez havia en na dita {35} cidade de Tui e en no dito val de Malões[65] e de Pessegeiro, segundo se contĩinna en na dita procuraçon, segundo lle era mandado {36} porlo dito Afonso Gonçalvez en na dita procuraçon, porla dita condiçon que se en na dita procuraçon contĩinna que os ditos dean {37} e cabidoo, acabadas as ditas vozes contiudas en na dita procuraçom, depois que a dita casa e bẽes fossem en {38} poder do dito cabidoo, fezessen ũu aniversario ao dito Afonso Gonçalvez de ũa missa cantada con suas[66] oras[67] en {39} cada ũu ano e que fossen sobre el depois da dita missa e lle dissessen ũu responso por [marxe inferior: Johan Rodriguez, notario] {f 1v} {1} sua alma.

E logo os ditos dean, personas e coongos da dita igleja disseron que eles gradescian moito ao dito Afonso Gonçalvez o que lles {2} assi fazia, e que acabadas as ditas vozes que eles e os que viessen apos eles farian o dito aniversario porla alma do dito Afonso {3} Gonçalvez en cada ũu ano, segundo que o dito Afonso Gonçalvez mandava, e estabelesceron logo ontre si e ordenaron o dito aniversario en na dita igleja {4} de Tui porla alma do dito Afonso Gonçalvez en cada ũu ano para sempre tres dias andados do mes d'abril des que as ditas vozes fossen {5} passadas e a dita casa e bẽes en poder do dito cabidoo. Esto foi en no dito cabidoo, era e dia sobreditos, testemoias que foron presentes {6} as sobreditas personas e coongos: Johan da Lagia, vogado, Gonçalvo Perez, notario, Estevõo Eanes, porteiro do cabidoo, e outros, e {7} eu, Vaasco Martis, notario sobredito, que a esto presente fui con as ditas testemoias e a dita procuraçon e estromento juso escrito sub a dita procuraçon {8} en minna presença fiz escrivir e en ela puge meu nome e sinal en testemoio de verdade.

O qual estromento assi presentado a dita {9} Costança Lobata, de sua propia e livre voontade, e porla alma do dito do dito[68] Afonso Lobato, seu padre, e porla sua, disso que {10} dava e outorgava aa dita igleja de Tui e cabidoo dela en doaçon assi como doaçon podia seer forte e firme e valer ontre {11} bivos[69] para todo sempre jamais todos-los ditos

[65] Para o topónimo *Malões*, actual parroquia de Malvas (Tui), véxase a nota a rodapé 12.
[66] Corríxese de *sua* para *suas*, segundo o criterio VI.b., xa que non hai dúbidas de que se trata dun *lapsus calami*.
[67] *Oras* seguramente faga referencia a un oficio relixioso, unha oración (Barreiro 1995, *apud* DDGM).
[68] A repetición é do texto.
[69] Mantense *bivos* (*vivos*), segundo o criterio 4.1.1.b, pola "relevancia fonolóxica que poidan ter [...] aqueles casos en que se empregan grafías <b> cando cabería esperar <v>, e viceversa".

bẽes contiudos en no dito estromento que assi presentava e todo o dereito, boz[70] e {12} auçon que ela en eles havia e segundo que eles a ela perteescian en qual-quer maneira e se demetia deles en sua vida e {13} des aqui en deante por tal pleito et condiçon que as personas e coongos que fossen da dita igleja fossen thudos[71] e obligados de dizer {14} des aqui en deante o dito aniversario porla alma do dito seu padre e sua en cada ũu ano, segundo que se en no dito estromento {15} por ela presentado contĩinna, e que toda posse, e teença e dereito que ela en nos ditos bẽes havia disso que des aqui en deante todo {16} o tirava e amovia de si e de todas suas vozes e herdeiros, e o poinna e traspassava en na dita igleja e cabidoo dela {17} e que os houvessen des aqui en deante porla dita guisa e condições sobreditas e de máis que leixava e desembargava {18} aa dita igleja de Tui tamben des aqui en deante, e para sempre todos-los bẽes que ela tĩinna ou tragia ou outros por ela en qual-quer {19} maneira que perteecia aa capela que chaman d'Afonso Eanes Fillo Fremoso e llos demetia que os houvessen e fezessen deles e en eles {20} toda sua livre boontade[72].

E o dito cabidoo assi o outorgaron en si e receberon os bẽes contiudos en no dito estromento e prometeron {21} des aqui adeante desse dinneiros o dito aniversario porla alma do dito Afonso Lobato, segundo que se en no dito estromento presentado porla dita {22} Costança Lobata contĩinna, e a deron por livre e por quite aa dita Costança Afonso e suas bozes[73] e herdeiros, en qual-quer {23} maneira que fosse do dito foro e bẽes que perteescian aa dita capela d'Afonso Eanes Fillo Fremoso, e que os recebian en si, segundo {24} dito é. E desto o dito cabidoo e Costança Lobata pediron senllos estromentos. Feito en no dito cabidoo da dita igleja de Tui, {25} dez e oito dias do mes de novembre do ano do nascimento de nosso sennor Jesu Christo de mil e quatrocentos e dez e sete {26} anos. Testemoias que foron presentes as ditas personas e coongos, e Johan Rodriguez, porteiro do dito cabidoo, e Afonso Gonçalvez, porteiro do bispo {27} de Tui, e Gonçalvo, ferreiro, moradores en Tui e outros.

{28} [m2: E eu, Johan Rodriguez, notario sobredito, que a esto con as ditas testemoias presente fui, e este estromento {29} por mandado e outorgamento do dito cabidoo e da

[70] Ídem.
[71] Segundo o criterio 4.1.2., mantense o dígrafo <th>, debido ás súas implicacións culturais.
[72] Véxase nota a rodapé 69.
[73] Ídem.

dita Costança Afonso fiz escrivir, e aqui {30} meu nome e sinal puge en testemoio de verdade.]

[signo]

### 5.2. EGPAdoc-0121

{f1r} {1}[74] Sabean todos que, seendo juntados en cabidoo en na craustra da igleja de Tui, por son de campãa tanjuda, segundo que han de seu costume, {2} Gomez Nunez, coongo e vigario en lugar de dean, vacante o daiadego, e Afonso Dominguez, chantre, e Estevõo Suarez, tesoureiro, e {3} Lopo Rodriguez, arcidiago de Montes, e Nicolao Dominguez, Johan Fernandez Perez, Gonçalvo Eanes e Martin Moniz, personas e coongos {4} da dita igleja de Tui, fazentes cabidoo, avido deligente trautado sobre esto que se segue, min, Johan Rodriguez, notario publico jurado {5} da cidade e do bispado de Tui e das testemoias adeante escritas, enton, os ditos vigario, personas e coongos, de consentimento do dito Gonçalvo {6} Eanes, teeceiro das aniversarias da dita igleja de Tui, en seu nome e da dita igleja, aforaron, deron e outorgaron a foro a Elvira {7} Gonçalvez, filla de Nuno Gonçalvez, notario que foi de Tui, e moradora que é en na dita cidade, a ela en sua vida e a duas vozes despois {8} dela, ũa despos outra, por orden, e, se non fossen nomeadas as vozes, que fossen aqueles que de dereito herdassen seus bẽes, conven {9} a saber, a cortinna que estava acerca da fonte de Reimilo[75], d'a par da dita cidade de Tui, que partia da ũa parte con cortinna de Alvaro {10} Vaasquez e, da outra, con cortinna que tragia Domingo Perez e Rui Perez, notarios de Tui, e ia topar contra o rio de Minno e contra {11} cima, contra a porta do Arco, a qual cortinna lles assi aforaron con todas suas entradas, e seidas, dereitos e perteenças e por tal {12} pleito e condiçon que a dita Elvira Gonçalvez e vozes lavrassen e aproveitassen ben a dita cortinna en tal maneira que non desperecesse {13} por mingua de lavor e de bõo reparamento e que ela e as ditas vozes que despois dela viessen dessen ao teeceiro que {14} tevessen as ditas aniversarias tres livras de brancas en cada ũu ano por foro, renda e penson, e que fossen pagas {15} porlos terços do ano, segundo que é costume de se pagaren as outras rendas do dito cabidoo,

[74] Nas marxes pódese ler: [marxe superior: cast.: Tuy Aniversarias] [marxe superior: cast.: Cortiñas de Reimilo junto a la puerta del Arco p. 3 Lib. Sub] [marxe esquerda: *** Elvira Gonçalvez das Adegas].
